

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 22

SESION ORDINARIA DO 31 DE OUTUBRO DE 2011

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Excmo. Sr. Alcalde
Abelairas Rodríguez, Isaura
Díaz Vázquez, Raquel
Fernández Pérez, José Manuel
Lago Rey, M^a Jesús
López Font, Carlos
Regades Fernández, David
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos H.
Rodríguez Escudero, Cayetano
Silva Rego, M^a Carmen

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Alonso Pérez, Fco. Xabier
Domínguez Olveira, Santiago
Velooso Ríos, Iolanda M^a

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Álvarez Pérez, José Luís
Araújo Pereira, Marcos
Beiro Diz, Pablo
Bernárdez de Dios, Antonio
Bravo Bosch, M^a José
Cendón Alonso, M^a Teresa
Egerique Mosquera, Teresa
Figueroa Vila, José M.
García Míguez, M^a Angeles
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, M^a Elvira
Relova Quinteiro, Roberto F.

NON ASISTE:

Fidalgo Iglesias, Miguel

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e oito minutos do día trinta e un de outubro do ano dous mil once, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Alonso Pérez, Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Font, Regades Fernández, Relova

Quinteiro, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e Veloso Ríos, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión ORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Non asiste o concelleiro Sr. Fidalgo Iglesias do Grupo Popular. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Bos días, señores e señoras concelleiros e concelleiras, iniciamos o Pleno do Concello número 22, correspondente á sesión ordinaria do mes de outubro, convocado por orde do día do 27 de outubro que obra en poder das señoras e señores concelleiros. Constátase quórum, ábrese sesión pública e iniciamos o Pleno.

1.- (226). ACTAS ANTERIORES. (SESIÓNS ORDINARIAS DO 5 E 8 SETEMBRO E EXTRAORDINARIA DO 8 SETEMBRO 2011).

Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito, acórdase aprobar as actas correspondentes aos Plenos da Corporación nas sesións ordinaria do 5 de setembro e a súa continuación o día 8 do mesmo mes, e extraordinaria do 8 de setembro de 2011.

2.- DECLARACIÓNS INSTITUCIONAIS.

2.1.- (227).- DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DO CONCELLO DE VIGO RELATIVA Á DECLARACIÓN COMO “FESTA DE INTERESE TURÍSTICO” Á FESTA DA RECONQUISTA DA VILA DE VIGO.

ANTECEDENTES.- Con data 6 de setembro de 2011, a Asociación de Veciños Casco Vello de Vigo, solicita o apoio unánime da Corporación para a solicitude á Xunta de Galicia da declaración de “Festa de interese turístico” á festa da Reconquista de Vigo.

Con data 28 de outubro o xefe de Relacións Públicas e Protocolo emite o seguinte informe:

“O día 28 de marzo a cidade de Vigo celebra a súa festa principal baixo o nome "Reconquista de Vigo", efemérides conmemorativa da loita da cidade contra a invasión francesa na guerra de Independencia.

Esta conmemoración conta de dúas celebracións: Unha oficial organizada polo Concello de Vigo que abrangue o acto de homenaxe aos heroes da Reconquista e un acto público de concesión de medallas e honras que reúne a todas as institucións da cidade.

Por outra parte no Casco Vello da Cidade e dende 1994, vense organizando unha festa popular que, mediante unha representación nas rúas, lembra estes feitos históricos. Esta representación dá lugar a outros actos como un mercado popular, exposicións, demostracións artesanais e actuacións musicais que os cidadáns gozan ataviados con roupas de época.

O incremento de participación, o aumento de visitantes que superan todos os anos os 20.000, o interese polas representacións que se desenvolven no Casco Vello e o impacto mediático que esta festa ten dende hai máis de 17 anos, contribúe a espertar un coñecemento da cidade de Vigo máis alá das fronteiras galegas, interesando á revistas de turismo e outros medios.

O interese histórico desta festa, a gran participación popular, a mostra de oficios e formas de vida xa desaparecidas e, asemade, o espírito participativo amosado durante todos estes anos, axudan a marcar un fito no calendario festivo de Galicia.

Por todo isto considérase oportuno a declaración institucional por parte de este Concello apoiando a consideración de “Festa de interese turístico”.

A Xunta de Voceiros, en sesión do día 28 de outubro, acordou aprobar unha declaración institucional, asinada polos voceiros dos grupos municipais do PSdeG-PSOE, PP e BNG, Sres. López Font, Figueroa Vila e Domínguez Olveira, respectivamente, co seguinte contido:

“Os grupos políticos municipais do Concello de Vigo, reunidos en Xunta de Voceiros e á vista do informe emitido, consideran que a antigüidade, a

singularidade, o arraigamento e o valor cultural da FESTA DA RECONQUISTA fana acreedora da declaración de “Festa de Interese Turístico,” razón pola cal, en cumprimento do sinalado no artigo 25.2.c) do Decreto 39/2001, do 1 de febreiro, adoptan acordo expreso de apoio á petición que ante os órganos competentes da Xunta de Galicia neste senso formule a Asociación de Veciños Casco Vello”.

O Alcalde-Presidente procede a ler o texto da declaración transcrito anteriormente.

(Está ausente o Sr. Fidalgo Iglesias do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a declaración institucional de apoio á solicitude da Asociación de Veciños Casco Vello de declarar “Festa de interese turístico” á festa da Reconquista de Vigo, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

3.- DITAMES DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS:

DEBATE CONXUNTO DOS PUNTOS 3.1 AO 3.23

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Estamos diante das ordenanzas fiscais reguladoras que van dende o punto 3.1 ata o 3.23. Procedemos ao debate. Daremos un tempo de dez minutos a cada un dos grupos que poden ser medidos con xenerosidade e unha quenda final de cinco minutos ao goberno.

DEBATE.- SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: O cinco de setembro, hai aproximadamente mes e medio, estabamos neste Pleno para a aprobación inicial das ordenanzas fiscais para o ano 2012. Este goberno propúxose como obxectivo principal establecer unha serie de bonificacións e exencións fiscais para aqueles sectores económicos ou para aqueles colectivos que se poderían ver máis afectados pola crise. Con

isto queriamos demostrar que tamén se pode facer política social a través das taxas e dos impostos.

Contemplamos nesa aprobación inicial medidas como a taxa cero na instalación de terrazas para todo o sector da hostalaría, o que supón unha redución do 95% na taxa da terraza para todo o sector hostaleiro da que se están beneficiando neste momento seiscentos establecementos de hostalería. Contemplamos tamén unha taxa cero para as licenzas de actividade económica de xeito que aqueles que queiran instalarse e establecer unha actividade económica na nosa cidade o fagan nas mellores condicións posibles, entón presentamos unha redución do 90% para as licenzas de actividades nesas instalacións, de xeito que se antes a licenza custaba uns 500 euros con esta bonificación pasa a custar só 50 euros.

Gracias a unha moción que presentou o Bloque Nacionalista tamén se propuxo unha redución dun 21% na taxa de lixo de oficinas e despachos. Estamos a falar de 4.000 empresarios, de 4.000 persoas de Vigo que van ver unha redución dun 21% na taxa do lixo.

Ademais contemplamos outras medidas como a non modificación da taxa das garderías de xeito que seguiran sen pagar os cativos mesmo que tivesen un nivel de renda moi reducido. Neste momento hai 113 cativos e cativas vigueses que non pagan nas garderías municipais porque teñen un nivel de renda moi baixo, pero o resto, sobre uns 300, pagan prezos moi reducidos. Quixemos seguir facendo esta política de atención cara os nosos cativos máis necesitados.

Decidimos non modificar a taxa do Servizo de asistencia a domicilio. Estamos falando agora dos nosos maiores e dos nosos dependentes que nos piden axuda no Concello para levar mellor esa carga que teñen. Neste momento hai 600 persoas acollidas a este sistema de dependencia municipal que non van pagar nada ou van pagar uns prezos moi reducidos pero en ningún caso se lles contempla unha suba.

Seguimos aplicando medidas que xa contempláramos en anos anteriores como o sistema do pagamento especial do IBI que propón unha redución do 3% no correspondente recibo ou tamén a redución do 75% para vehículos ecolóxicos.

Decidimos tamén aplicar por debaixo do IPC determinados impostos como é o do IBI que ademais de aplicar este ano un IPC inferior ao que nos tocaba, temos que lembrar que o ano pasado o IPC que se aplicou foi do 0,4, cando o IPC real era do

1,5%, polo tanto a subida real do IBI é do 2,6%. Para o resto aplícase a porcentaxe do IPC exactamente nas mesmas condicións que se leva aplicando en todos os anos anteriores, de abril a abril.

Unha vez que se aprobaron provisionalmente as ordenanzas fiscais co voto en contra do Partido Popular e se expuxeron para alegacións, presentouse unha única alegación que é a realizada polo Partido Popular. Esta única alegación presentada só pode ser cualificada como hipocrisía política, por non dicir desvergonzaría ou cinismo político. En primeiro lugar porque na súa reclamación fala de novo de falsidades e de mentiras. Fálase de que se está a facer unha suba de impostos encuberta a través dunha suba excesiva do IPC. Non contesto eu, senón contestan os propios servizos técnicos municipais que din que o IPC que se aplica é o de abril a abril, que é o que se realiza de xeito sistemático todos os anos e que polo tanto é unha actualización en termos correntes do IPC, polo tanto non se incrementan. Non o digo eu, dino os técnicos municipais e por iso calquera persoa que saiba que se aplican as tarifas de mes a mes durante todos os anos e así durante períodos consecutivos, mesmo durante os períodos nos que estivo gobernando o Partido Popular, sabe que é unha actualización.

Pero dicía que era unha hipocrisía política porque se o que realmente está a presentar o Partido Popular é que non se aplique ningunha suba de impostos, nin sequera o IPC nin ningunha actualización, que comecen entón pola súa propia casa, que comecen pola Xunta de Galicia. Eles din que non queren falar doutras administracións pero a cuestión é que a Xunta de Galicia sóbelles os impostos a todos os galegos e resulta que os vigueses somos galegos, polo tanto a Xunta de Galicia está subindo os impostos a todos os vigueses e viguesas.

De novo remítome aos feitos: a Xunta de Galicia activa novos impostos para o ano 2012, sobe un 27% algunhas taxas e prezos públicos como son a matriculación en conservatorios, nas escolas de idiomas, nas residencias de tempo libre, nos comedores escolares... e así en todas as taxas e prezos públicos. Diciamos antes que o goberno municipal decidiu facer unha actualización do 0% para as taxas das garderías; pola contra un neno que vaia á gardería da Xunta de Galicia vai ter que pagar agora un 27% máis. Esa é a diferenza entre a política do PP e a política socialista en Vigo: nós cunha suba do 0% e a Xunta de Galicia nunha gardería en Vigo vai cobrar agora un 27% máis.

Pero agora mesmo o problema é que a Xunta vai poñer que os nenos que precisen comedor, mesmo os de renda máis baixa, téñeno que pagar. En Vigo ningún neno con niveis de renda reducida que precise un comedor paga por comer. A partir de agora a Xunta vai esixir que eses nenos si paguen. Lémbrolles que hai unha Orde da Consellería de Educación que di que se o cativo non paga non come.

Pero podemos seguir falando da Xunta porque dobra o imposto de transmisións, crea un canon da auga de xeito que agora todos os vigueses vamos a ter que pagar o dobre no recibo da auga. Non o digo eu, dio o propio CES, o Consello Económico e Social que fala de suba xeral e inoportuna de impostos pola parte da Xunta de Galicia.

Se non nos queremos quedar na Xunta, podemos ver o que están a facer outros concellos do partido Popular: Mos, Ponteareas, os oito alcaldes do PP do Sanlés que recoñecen que van cobrar 300 euros máis por veciño, Nigrán, Pazos de Borbén... e hoxe nos espertamos coa nova de que son a maioría dos concellos gobernados polo Partido Popular.

A nosa política clara é a de que sega sendo Vigo a cidade que paga menos impostos. O goberno municipal non fai ningunha suba de impostos, rebaixa un 90% as taxas de licenzas, un 95% as de terrazas, un 75% o imposto dos vehículos eléctricos e fai exencións e bonificacións para os niveis de renda máis baixa. Unicamente o resto de taxas se actualiza de acordo co IPC. Esa é a política do goberno municipal en Vigo, é o que estamos defendendo, que aqueles sectores e colectivos que estean pasando por unha situación máis complicadas se vexan reflectidos nas ordenanzas e impostos municipais.

Queremos facer política social e entendemos que se pode facer a través das ordenanzas fiscais, eximindo de pagar os impostos a aquelas rendas máis baixas, ofrecendo taxas de garderías a prezos cero ou moi reducidos para aqueles cativos que o precisen, ofrecendo servizos de asistencia domiciliaria para os nosos dependentes a prezos cero ou reducidos. Esa é a política que nós practicamos e o que traemos nas ordenanzas fiscais, calquera outra cousa que se diga é absolutamente mentira e iso é o que está dicindo o Partido Popular. Di que fagamos unha profunda reflexión; pois eu digo que si, que reflexione o Partido Popular porque a política que está aplicando é precisamente a da suba

xeneralizada de impostos e quen os están a pagar precisamente son as clases menos favorecidas.

Nós apostamos por garderías, nas que seguimos con esa taxa cero para os máis pequenos, a Xunta non, decidiu que nos comedores os nenos que máis o precisan teñan que pagar. Iso é algo que dende logo nós non podemos consentir e por iso nas nosas garderías imos seguir con esa taxa cero para os máis pequenos e con eses prezos reducidos.

Poderíamos seguir e seguir, por exemplo con esa asistencia domiciliaria para os dependentes, con esoutros tributos que dalgún xeito son tributos sociais e polo tanto nin sequera en todos se vai aplicar o IPC porque hai moitas taxas e tributos aos que se lles poñen actualizacións por debaixo do IPC como o IBI neste ano, pero tamén no resto dos tributos.

Polo tanto política social a través dos impostos, nada de subir impostos, nin sequera chegamos actualizalos todos e contemplamos bonificacións e exencións para os colectivos, os sectores e as familias máis necesitados. Lémbrolles novamente esas taxas de gardería, de asistencia domiciliaria, eses vehículos ecolóxicos, a bonificación do 3% no IBI... e así poderíamos seguir e seguir con moitas bonificacións. Estamos falando de milleiros de vigueses que se ven beneficiados por estas medidas de política fiscal.

Lémbrolles que a única medida de política fiscal que aplicou o PP mentres gobernaba foi a de bonificacións para familias numerosas e foron 50 as familias beneficiadas en Vigo. Coas nosas políticas son milleiros as familias beneficiadas en Vigo.

SRA. VELOSO RÍOS: Estamos aquí para aprobar xa de maneira definitiva as ordenanzas fiscais do noso Concello.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que dende o principio do proceso ata o de agora, todas as propostas que se fagan e todos os debates sobre as taxas e impostos municipais, sobre a actualización que corresponde facer cada ano, teñen que se someter a unha rigorosa análise. Non podemos caer na demagogia neste tipo de debates, como tampouco podemos caer no discurso fácil e simplista. Non podemos resolver a análise da política fiscal dun concello sen máis que cunha frase sinxela como por exemplo a de “conxelemos as taxas”.

Isto é algo moito máis complexo, máis rigoroso e ten consecuencias o suficientemente importantes para toda a cidadanía como para non nos deixar levar por frases que parecen máis propias de campaña electoral que realmente dunha política municipal, tanto no goberno como na oposición, que ten que ser responsable para atender ás necesidades da cidadanía, especialmente nun momento de crise tan grave coma este. Hai que ter en conta ademais cal é a situación económica do noso Concello nos últimos anos.

Evidentemente neste momento a situación económica dos concellos está a pasar por dificultades moi importantes, pero non afectan da mesma maneira a todos os concellos do país porque no noso Concello afortunadamente, dende 1999 baixo a responsabilidade do BNG, vense aplicando unha política fiscal sensata que garantiu a solvencia e a mellor administración dos cartos públicos. Supoño que por iso se mantivo dende entón unha política fiscal baseada en criterios fundamentais, como por exemplo a actualización das taxas no IPC de abril a abril ao longo de todos estes anos e baixo todos os gobernos que pasaron dende entón.

Quero lembrar que tamén durante o goberno do Partido Popular, presidido por D^a Corina Porro, que por certo non foi quen de aprobar orzamentos e tivo orzamentos prorrogados durante todo o seu mandato, actualizáronse tamén as taxas en función do IPC de abril a abril e mantivo precisamente esa política fiscal cun mínimo de sensatez que garantía os recursos do Concello para prestar os servizos que ten a obriga de prestar á cidadanía; sempre e agora máis. Lembramos ademais que en campaña electoral asinou diante notario a desaparición da taxa do lixo, algo absolutamente insensato e precisamente por iso supoñemos que nin sequera con sinatura diante notario aplicou tal medida absolutamente ilóxica durante o tempo do seu goberno.

Durante o mandato anterior mantívose esta política fiscal con criterios fundamentalmente sociais porque é preciso garantir os recursos do Concello para poder ofrecer os servizos á cidadanía, pero tamén é certo que en todas as propostas fiscais que se fagan dende un concello hai que ter en conta criterios sociais para poder bonificar, beneficiar e facilitar a vida das persoas da nosa cidade que teñen que facer fronte ao pagamento destes impostos.

A situación dos concellos é delicada, non se obteñen ingresos facilmente senón

que van caendo os ingresos do concello e hai que garantir os servizos que se prestan. Pero tamén é certo que as propostas teñen que ser comedidas e primar pola sensatez diante da situación económica das familias.

A proposta que fixo o goberno desta volta realmente contemplou medidas de bonificación fiscal e, dende a oposición, o Bloque Nacionalista Galego tamén fixo propostas con criterios sociais para axudar ás familias con especiais dificultades, como por exemplo a posibilidade de adiar o pagamento dos impostos municipais e mesmo aquelas débedas por debaixo de 400 euros que non estaban contempladas nas ordenanzas anteriores, o que supuxo unha modificación da ordenanza xeral fiscal. É dicir, foi unha modificación de fondo que realmente facilita as cousas para as familias que están en situacións máis complicadas.

O BNG entende a fiscalizade non só como un medio para obter, senón tamén como un instrumento para redistribuír a renda. Nestes momentos de crise económica estamos convencidos e convencidas de que o problema non é realmente que non haxa cartos; haber hai cartos pero están peor distribuídos ca nunca e a solución por parte das administracións non é recortar, senón redistribuír. O que temos a obriga de facer é redistribuír os recursos, non recortar os servizos, por exemplo como está facendo a administración autonómica, o goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia.

Nós apostamos por unha fiscalidade xusta, equitativa e progresiva, o que implica que temos que ter en conta a capacidade de pago dos contribuíntes e temos que lles pedir un maior esforzo fiscal ás rendas máis altas.

Si é certo que dende as administracións locais os recursos legais para cumprir esta función da administración son moi limitados, pero aínda así no Bloque Nacionalista Galego cremos que esta proposta que hoxe aprobamos definitivamente, realmente espreme todas as posibilidades que ten o Concello para ter en conta os criterios sociais e tamén cumprir esta función de redistribución dos recursos.

Trátase polo tanto de actualizar taxas e impostos para garantir ingresos e poder prestar servizos e por suposto tamén facer fronte a unha situación na que o goberno do Partido Popular non redistribúe, senón que recorta todo tipo de axudas e subvencións, ignorando o problema da falla de ingresos dos concellos, sen facer ren para reforzar os servizos destes concellos. No caso de Vigo

ademais, xa dende hai tempo e agora cada vez máis, vémonos obrigados dende o propio Concello a asumir servizos que deberían ser competencia autonómica pero que sabemos que o goberno do Partido Popular non está asumindo e mesmo está recortando.

Con esta proposta conséguese que as persoas desempregadas, pensionistas, en xeral as persoas con menos recursos, poidan acollerse a exencións, deducións, reducións, bonificacións e tamén a facilidades de pagamento para reducir a presión fiscal sobre elas. Entendemos polo tanto que malia as escasas posibilidades legais coas que contamos para introducir os criterios de redistribución, neste caso fíxose un esforzo por parte do goberno e parte da oposición para poder introducir todos estes criterios e mellorar a situación das familias viguesas con respecto á presión fiscal e tamén local.

Si é certo que no caso do IBI, por exemplo, que é un imposto do que habitualmente fala o Partido Popular, as actualizacións fanse anualmente nos orzamentos xerais do Estado. Por iso tamén o Bloque Nacionalista Galego demanda dende hai tempo e vai seguir demandando, que nos orzamentos xerais do Estado se teña en conta a posibilidade de facer deste imposto un imposto progresivo, é dicir, que poidamos dende os concellos aplicar todas estas medidas de redistribución a través deste imposto que ven directamente regulado polos orzamentos xerais do Estado e polo tanto dende o goberno estatal, que ten que asumir esta responsabilidade e estas funcións.

Hoxe dende o Bloque Nacionalista Galego estamos satisfeitos coa aprobación definitiva das ordenanzas fiscais e facemos un chamamento a todas as forzas políticas a que sexan sensatas neste tipo de propostas e debates en todas as administracións nas que estamos presentes. O que non ten ningún sentido é estar pedindo conxelacións de taxas nos concellos mentres nas administracións, nas que se teñen competencias para realmente prestar servizos e reducir impostos, o que se fai é exactamente todo o contrario: elimínanse servizos, redúcense as subvencións e os apoios, mentres que si é certo que hai cartos para determinadas axudas que semella que non teñen moito sentido e así na mesma semana no Diario Oficial de Galicia atopámonos coa eliminación de axudas para a cultura de base, non só para este ano senón que para o ano que ven, porque vemos eliminacións de axudas que afectan tamén aos orzamentos do ano que

ven. Mentres se destinan practicamente un millón de euros para a Asociación Provida, para asociacións anti-abortistas, cando ao mesmo tempo as mulleres quedan sen asistencia sanitaria e os nenos e nenas tamén ven recortada a asistencia sanitaria posto que hai servizos de pediatría no noso país que están sendo eliminados.

Isto realmente non coincide con ningunha proposta de axuda ás familias viguesas no Concello de Vigo cando se pide a conxelación de impostos, demostra que sinxelamente é labia, é demagogia e nós estamos aquí para facer oposición dunha maneira sensata e construtiva. Por iso mostrámonos satisfeitos de aprobar definitivamente estas ordenanzas.

SRA. BRAVO BOSCH: A verdade é que labia é non dicir ren en tantos minutos, é o que fixeron quen falan anteriormente.

Vostedes claramente soben os impostos e as taxas municipais e nós ímolo demostrar. Coñecen o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por RDLex. 2/2004, do 5 de marzo, que fala de que o período impositivo é un ano natural. O que pasa é que aquí hai que tomalo como lles peta. A costume non fai lei e sábeno perfectamente porque así o contempla toda a nosa lexislación, incluída a Lei xeral tributaria do ano 2003; en absoluto nomea como fonte do ordenamento tributario o uso e a costume como fan vostedes con respecto a esta taxa do 3,8.

A nós si nos gusta falar doutras administracións, de feito é o que imos facer a continuación: Zaragoza, concello socialista, sobe o IAE un 40%, o IBI un 20%, sobe as ordenanzas fiscais unha media dun 5%. É verdade que en Donostia goberna Bildu e Aralar e van subir os impostos, pero din que será un aumento inferior ao IPC que claramente está situado no 3%. Tarragona fala de adecuar as tarifas ao IPC un 3,6%, aumentará a taxa do lixo un 47%, o IBI un 20%.

Agora lles imos nomear os concellos do PP que a nós, non como a vostedes, non nos importa nada dicir que concellos da mesma cor soben impostos: Valencia, un 3,2 do IPC e di claramente que esa é a tarifa anual; Granada, un 3,5%; Oviedo un 3%; Guadalajara un 3% do IPC. De Madrid sempre falan do “catastrazo”, pero a revisión catastral, como ben dicía a nosa compañeira do BNG, está atribuída por lei ao Ministerio de Economía e Facenda co que, se é así, claramente é o

Ministerio quen o ten que facer. Saben que ademais no tipo do IBI Madrid podería chegar ao 1,30% e sen embargo nos inmobles urbanos o Concello de Madrid deixouno no 0,5810%.

Sen embargo en Galicia, vostedes en Vigo teñen un tipo dun 0,787% o que é sensiblemente superior ao Concello de Madrid. En Teruel a suba é dun 3,1%, en Cádiz, que é unha cidade moi parecida a Vigo porque a súa economía está baseada no sector do comercio debido á presenza de estaleiros, aos que vostedes non defenden, e ás actividades da zona portuaria e da Zona Franca, o Concello do PP acordou conxelar os impostos para 2012, a alcaldesa do PP dixo que “Por cuarto ano consecutivo (terceiro dende que comezou) se conxelaron as taxas e a subida será cero, mantendo o investimento en políticas sociais e culturais restando doutras partidas”. Esta alcaldesa lembrounos que o goberno central subiu un 18% o IVE, un 49% o imposto da luz, o gas, a auga e outra serie de impostos que vostedes non contan pero que o responsable é o goberno de Zapatero.

Cando hai anos se lle dixo que non venderan as eléctricas á italiana ENEL non fixeron caso, dicían que nunca chegaría a superar o 9% e imos xa case por un 50% de subida. En cidades como Barcelona CIU, que coidamos que coñece bastante ben o que é a política fiscal, fala dun 3% de IPC real. Sen embargo en Barcelona fixeron un 90% de redución do IBI para familias numerosas, monoparentais ou con fillos discapacitados; un 50% a viúvos con rendas baixas e un 5% de rebaixa no imposto de circulación.

Vexamos o que facemos nós en Galicia. No imposto do IBI imos facer un desconto, é verdade, pero nese 90% que lles imos facer ás familias numerosas en realidade é ás que gañen menos de 5.900 euros (non lembro o exacto, non o teño aquí). Estas familias son moi poucas e vostedes quedan moi ben enchendo moitos folios, falando de todas as políticas que van axudar, pero en realidade o que fan son políticas intervencionistas dirixidas a colectivos moi baixos e vostedes deciden o cando e o como. Iso non é real. En política económica hai que facelo de maneira distributiva.

Antes rían falando do Concello de Madrid pero alí mesmo propuxeron que se incluíse o IBI dentro do IRPF para conseguir precisamente a política redistributiva. Vostedes están continuamente falando da política de garderías, faláron de 113

cativos. Pois a política da Xunta diríxese porcentualmente a moitos máis cativos ca eses 113 dos que falan vostedes que supoño que serán nenos e nenas. Isto é así porque se fai de forma redistributiva, faise unha política consonte co que cada familia gana. Iso é o que se debe facer con respecto aos ingresos de cada unha das familias. Non son vostedes os que teñen que decidir cando e como, iso queda moi ben en pequenos colectivos e así se lles fai o favor a cinco familias porque son moi poucas as persoas que gañan ao ano 5.000 euros.

No informe proposta sobre a resolución das alegacións presentadas polo PP vostede fixo mención ao que nós dicimos. Din os técnicos: “Dende un punto de vista económico a aplicación do 3,8% é unha mera corrección monetaria. Ano tras ano corríxense os tipos impositivos, a variación do IPC efectivamente producida no período que vai do 30 de abril do ano anterior ao 30 de abril do ano en curso.”

Si é verdade que poden facer os usos e costumes que queiran, pero esta é unha situación especial de crise xamais antes padecida. Vostedes saben que a débeda do Concello de Vigo a medio e a longo prazo non é como a doutros concellos e poderían permitirse non facer ese incremento do IPC. Este ano o Premio Nobel de Economía recaeu en Thomas Sargent e Christopher Sims que saben que é un defensor da Teoría das expectativas racionais. O suposto básico deste modelo é que a xente aprende dos seus propios erros. Encantaríanos que vostedes aprendesen dos seus propios erros e presentasen unha solución. Teñen razón, é verdade, na Enciclopedia da grande economía da Universidade Autónoma de Madrid e de Barcelona seguramente non teñan nin idea de quen é o Premio Nobel de Economía.

A continuación voulles ler a Lei reguladora do réxime local para que vexan que vostedes non cumpren con case nada do que din: “A autonomía local non se pode definir dunha forma unidimensional dende o puro obxectivismo local e rexionalista”. O que fan continuamente atacando á Xunta de Galicia non é máis que ir na contra do que di a Lei 7/85. Cando falan das relacións interadministrativas, prestar cooperación e asistencia activas para que outras administracións poidan prestar o cumprimento das súas tarefas, tampouco o fan. Por último, nos artigos 139 e 140 dise que é unha infracción moi grave que os concellos fagan unha perturbación relevante da convivencia que afecte de

maneira grave, inmediata e directa á tranquilidade ou ao exercicio de dereitos lexítimos doutras persoas. É o que fan continuamente con respecto a outras administracións que o único que queren é traballar para conseguir que nós vaíamos cara adiante.

Eu xa sei que vostedes rin continuamente e se cren os sabios de Grecia, pero de moito non lles vai servir. A historia apréndenos que a maior sabedoría demóstrase coa sinxeleza e só o ignorante presume do pouco que sabe. Sempre nos repiten teimudamente que fagamos os deberes pero non estamos nun colexio e repito que aínda así rógolles, insístolles e advírtolles que os que teñen que facer os deberes son vostedes porque son incapaces de gobernar España, nin no goberno central, nin no autonómico e menos aínda no ámbito local.

Teñen fartos aos cidadáns e cidadás coas súas demagoxias e mentiras continuas sobre a responsabilidade doutros cando vostedes son os culpables. Fagan os deberes e que Vigo nunca máis se volva inundar. A Atlántida queda moi ben como unha lenda pero non queremos que en Vigo sexa unha realidade. Vostedes están afundido Vigo e ademais afundíndoo no mellor dos sentidos porque o están afundindo inundándoo de auga. Fagan os deberes e reclamen a Almunia, comisario europeo do PSOE, que dunha vez solucione o do tax-lease.

A PRESIDENCIA: Sra. Concelleira, por favor, estamos en ordenanzas fiscais.

SRA. BRAVO BOSCH: Si, estoume referindo a elas. Por certo, deixen de reclamar medidas sobre Navantia porque é un estaleiro público.

En relación coas ordenanzas fiscais fagan os deberes, tomen a merenda se queren ao remataren e logo vaian ao patio de recreo pero primeiro traballen por Vigo e para Vigo, a cidade merece que fagan un sacrificio. Non nos mintan porque o 3,8% non é un incremento do IPC. En todos os xornais, en todos os medios de información de España só atopei un concello que sobe o 3,8% e poderíanme dicir vostedes cal é. En todos os demais fálase do 3%.

Na Coruña, Santiago e O Ferrol, novos concellos gobernados polo Partido Popular, conxeláronse os impostos, non subiron nada, conxelan impostos e taxas municipais. Lugo, concello do PSOE, sobe os impostos; Ourense sobe os impostos, en Pontevedra din que o IPC real é un 3%. Por favor, indíquenme onde

lin que o IPC é un 3,8%.

SRA. DÍAZ VÁZQUEZ: Dígolle de onde está sacado o 3,8%: do Instituto Nacional de Estatística, das táboas de abril a abril que non as invento eu, eran as que tiñan. Vou ler o que dicía o Sr. Guerra no ano 2006 cando gobernaba o Partido Popular coa Sra. Porro: “O que se propón é un incremento do 3,9% no conxunto de todas as taxas e impostos municipais. Esta porcentaxe non xorde do ceo, senón que como é tradicional e xa se fixo nos últimos anos, da análise das táboas do Índice de Prezos ao Consumo tomadas entre abril de 2005 e abril de 2006”. Así figura na acta do Pleno do 30 de outubro de 2006. Polo tanto é o propio Partido Popular quen toma o prezo de abril a abril e se estamos tomando todos os anos o prezo de abril a abril, é un ano, son 365 días.

Citou unha serie de cidades e por aclarar: en Madrid actualizaron o valor catastral. É certo que o valor catastral ven actualizado polo goberno central pero os concellos teñen a capacidade de modificar o tipo e Madrid non o modificou. Se dobramos o valor catastral e non modificamos o tipo, o IBI auméntase. En Vigo non se actualizou o valor catastral dende hai vinte anos e por iso o tipo é o que é. Logo falaba tamén de Cádiz, por dicir unha cidade. Pois Cádiz é das cidades que teñen a fiscalizade máis alta de toda España, xa está no máximo e por iso non pode subir máis. Pero lle vou dar outro dato: hoxe precisamente no Concello de Mos que está gobernado polo Partido Popular, lévase a aprobación de taxas e prezos públicos e na maioría delas a subida está por riba do 40%.

Todo isto amosa o dobre discurso e a dobre moral do Partido Popular que onde goberna sobe as taxas e onde non piden subida cero.

Pero lle lembro novamente que aquí estamos en Vigo e polo tanto en Galicia. Se o que o Partido Popular está contemplando é que en Vigo a subida sexa do 0%, pregúntome por que non están emendando os orzamentos da Xunta de Galicia porque por exemplo a Xunta propón un incremento dun 27% para as garderías viguesas gobernadas por ela. Falábamos dos cativos; o cativo que ten de renda per cápita menos de 159 euros mensual vai ter que pagar agora 6 euros, díganme que son 159 euros de renda per cápita mensual. Isto quere dicir que xente que non ten nin para comer vai ter que pagar agora 6 euros se quere comer e se non paga queda sen comida. Esa é a política da Xunta.

Falábamos tamén doutras taxas como a do Conservatorio que está aí enriba e por se matricular nel os rapaces vigueses van ter que pagar un 27% máis. Falamos tamén das taxas universitarias, das da Universidade que está en Lagoas-Marcosende, nesas taxas tamén se vai ter que pagar máis. Falamos tamén dos comedores escolares repartidos por todas as escolas que soben un 20% máis. Falamos da Escola de Idiomas á que andando chegamos en dez-quinze minutos, nela tamén van ter que pagar máis os rapaces e rapazas viguesas.

A diferenza é que esa é a política do Partido Popular, que aos vigueses a Xunta de Galicia estalles subindo os impostos polo menos un 20% e este goberno está dicindo que para os hostaleiros unha rebaixa dun 95% na licenza, para os que queiran instalar unha actividade económica teñen unha rebaixa do 90%, para os que teñan un vehículo ecolóxico hai unha rebaixa do 75%, para os que sexan dependentes unha actualización do 0%, para os nosos nenos 0%. Un neno cunha renda de 159 euros per cápita non vai pagar ren nunha gardería municipal, pero si vai pagar nunha gardería da Xunta gobernada polo Partido Popular. Esa é a diferenza.

Falemos de Galicia porque aquí si que nos afecta. Todos os impostos que se pagan en Galicia vanse pagar tamén polos vigueses. Polo tanto, se propoñen subida cero, en primeiro lugar o que teñen que facer é emendar os orzamentos da Xunta de Galicia. Non estamos de acordo co canon da auga, por que os vigueses imos ter que pagar agora máis polo recibo da auga? Porque a Xunta acaba de poñer un canon sobre a auga e agora nos recibos todos imos ter que pagar 3, 4 ou 5 euros máis porque a Xunta tomou esa medida.

Pero tamén nos impostos de transmisións. Cando exista unha defunción e un teña que herdar, deberá pagar a Facenda por esa herdanza e terá que pagar polo imposto de transmisións o dobre do que pagaba con Touriño, o dobre que hai dous anos. Non estamos falando de catro patacóns, estamos falando de milleiros de euros e por iso unha familia vai terse que enfrontar a milleiros de euros máis porque o Partido Popular dende a Xunta de Galicia decidiu subir o imposto de transmisións.

Así está facendo con todo. Dende a Xunta de Galicia o Partido Popular sobe os impostos. O goberno de Vigo non, o goberno de Vigo colle o IPC de abril a abril e nin sequera para todas as taxas porque para o IBI non o fai, tampouco para as

terrazas nin para as garderías, nin para o Servizo de asistencia domiciliaria. Seguimos polo tanto coa nosa política de conxelación, de actualización, nin sequera para todas as taxas, e atendemos máis especialmente a determinados colectivos e sectores que teñen rebaixas con respecto a anos anteriores.

3.1.- (228).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 20 de outubro de 2011 pola directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda:

“No Boletín Oficial da Provincia do 13 de setembro de 2011 e na prensa local con data 16 de setembro de 2011, foron publicados senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 8 de setembro de 2011 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 3.5 a 3.27 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 14 de setembro e 19 de outubro pasado, tivo entrada no rexistro xeral a seguinte alegación:

- Documento nº 110133993 con data de entrada no Rexistro Xeral do 19.10.11. constitutivo da alegación formulada por D^a M^a José Bravo Bosch en representación do Grupo Municipal Popular neste Concello.

O texto da alegación reitera o contido da moción presentada polo Grupo Municipal Popular no Pleno do 12 de xullo de 2011 no sentido de que "*para o ano 2012 non se suban os impostos e taxas municipais aplicándose polo tanto un 0%...*"

Dende un punto de vista legal, os acordos aprobados nos puntos 3.5 a 3.27 da orde do día cumprimentan o disposto na normativa de aplicación (títulos I e II do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da TRLRFFLL.

Dende un punto de vista económico, a aplicación do 3,8% aos tipos impositivos vixentes é una mera corrección monetaria que permite manter, en termos reais, a mesma achega dos cidadáns ao Concello que no ano 2011. Ano tras ano corríxense os tipos impositivos tomando como referencia a **variación do IPC**

efectivamente producida no período que vai de 30 de abril do ano anterior ao 30 de abril do ano en curso. Utilizando sempre o mesmo ámbito temporal e a cifra exacta de variación do IPC publicada polo Instituto Nacional de Estatística, **a carga impositiva non varía en termos reais.** Só poderíamos considerar "subida de presión fiscal" se a corrección proposta fose superior á variación do IPC producida. Consta en todos os expedientes de modificación o dato publicado oficialmente polo INE que mostra unha variación do IPC no período considerado do 3,8%."

Polo anteriormente exposto, a directora de Ingresos formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o Sr. Fidalgo Iglesias do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Oliveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar a alegación contida en documento nº 110133993 con data de entrada no Rexistro Xeral do 19.10.11, formulada por D^a M^a José Bravo Bosch en representación do Grupo Municipal Popular neste Concello, na que se suxire "que non se suban os impostos e taxas municipais", pois o acordo plenario de aprobación provisional do 8 de setembro de 2011 non "incrementa". O que fai realmente é "actualizar", nos termos da variación do IPC entre o 30 de abril de 2010 e 30 de abril de 2011, os importe das tarifas vixentes, actualización que se realiza sistematicamente, ano tras ano na contía estrita do dato obtido do INE e utilizando sempre o mesmo período abril-abril.

Segundo.- Aprobar definitivamente o acordo provisional de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre bens inmobles co texto aprobado en sesión plenaria do 8 de setembro de 2011.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificación da ordenanza fiscal aprobado definitivamente para o exercicio 2012.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do Libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2012.

3.2.- (229).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 20 de outubro de 2011 pola directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda:

“No Boletín Oficial da Provincia do 13 de setembro de 2011 e na prensa local con data 16 de setembro de 2011, foron publicados senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 8 de setembro de 2011 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 3.5 a 3.27 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 14 de setembro e 19 de outubro pasado, tivo entrada no rexistro xeral a seguinte alegación:

- Documento nº 110133993 con data de entrada no Rexistro Xeral do 19.10.11. constitutivo da alegación formulada por D^a M^a José Bravo Bosch en representación do Grupo Municipal Popular neste Concello.

O texto da alegación reitera o contido da moción presentada polo Grupo Municipal Popular no Pleno do 12 de xullo de 2011 no sentido de que "*para o ano 2012 non se suban os impostos e taxas municipais aplicándose polo tanto un 0%...*"

Dende un punto de vista legal, os acordos aprobados nos puntos 3.5 a 3.27 da orde do día cumprimentan o disposto na normativa de aplicación (títulos I e II do

RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da TRLRFFLL.

Dende un punto de vista económico, a aplicación do 3,8% aos tipos impositivos vixentes é una mera corrección monetaria que permite manter, en termos reais, a mesma achega dos cidadáns ao Concello que no ano 2011. Ano tras ano corríxense os tipos impositivos tomando como referencia a **variación do IPC efectivamente producida no período que vai de 30 de abril do ano anterior ao 30 de abril do ano en curso**. Utilizando sempre o mesmo ámbito temporal e a cifra exacta de variación do IPC publicada polo Instituto Nacional de Estatística, **a carga impositiva non varía en termos reais**. Só poderíamos considerar "subida de presión fiscal" se a corrección proposta fose superior á variación do IPC producida. Consta en todos os expedientes de modificación o dato publicado oficialmente polo INE que mostra unha variación do IPC no período considerado do 3,8%."

Polo anteriormente exposto, a directora de Ingresos formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o Sr. Fidalgo Iglesias do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar a alegación contida en documento nº 110133993 con data de entrada no Rexistro Xeral do 19.10.11, formulada por D^a M^a José Bravo Bosch en representación do Grupo Municipal Popular neste Concello, na que se suxire "que non se suban os impostos e taxas municipais", pois o acordo plenario de aprobación provisional do 8 de setembro de 2011 non "incrementa". O que fai

realmente é "actualizar", nos termos da variación do IPC entre o 30 de abril de 2010 e 30 de abril de 2011, os importe das tarifas vixentes, actualización que se realiza sistematicamente, ano tras ano na contía estrita do dato obtido do INE e utilizando sempre o mesmo período abril-abril.

Segundo.- Aprobar definitivamente o acordo provisional de modificación da ordenanza fiscal reguladora do imposto sobre vehículos de tracción mecánica co texto aprobado en sesión plenaria do 8 de setembro de 2011.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificación da ordenanza fiscal aprobado definitivamente para o exercicio 2012.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do Libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2012.

"No Boletín Oficial da Provincia do 13 de setembro de 2011 e na prensa local con data 16 de setembro de 2011, foron publicados senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 8 de setembro de 2011 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 3.5 a 3.27 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 14 de setembro e 19 de outubro pasado, tivo entrada no rexistro xeral a seguinte alegación:

- Documento nº 110133993 con data de entrada no Rexistro Xeral do 19.10.11. constitutivo da alegación formulada por D^a M^a José Bravo Bosch en representación do Grupo Municipal Popular neste Concello.

O texto da alegación reitera o contido da moción presentada polo Grupo Municipal Popular no Pleno do 12 de xullo de 2011 no sentido de que "*para o ano 2012 non se suban os impostos e taxas municipais aplicándose polo tanto un 0%...*"

Dende un punto de vista legal, os acordos aprobados nos puntos 3.5 a 3.27 da orde do día cumprimentan o disposto na normativa de aplicación (títulos I e II do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da TRLRFFLL.

Dende un punto de vista económico, a aplicación do 3,8% aos tipos impositivos vixentes é una mera corrección monetaria que permite manter, en termos reais, a mesma achega dos cidadáns ao Concello que no ano 2011. Ano tras ano corríxense os tipos impositivos tomando como referencia a **variación do IPC efectivamente producida no período que vai de 30 de abril do ano anterior ao 30 de abril do ano en curso**. Utilizando sempre o mesmo ámbito

temporal e a cifra exacta de variación do IPC publicada polo Instituto Nacional de Estatística, **a carga impositiva non varía en termos reais**. Só poderíamos considerar "subida de presión fiscal" se a corrección proposta fose superior á variación do IPC producida. Consta en todos os expedientes de modificación o dato publicado oficialmente polo INE que mostra unha variación do IPC no período considerado do 3,8%."

Polo anteriormente exposto, a directora de Ingresos formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o Sr. Fidalgo Iglesias do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar a alegación contida en documento nº 110133993 con data de entrada no Rexistro Xeral do 19.10.11, formulada por D^a M^a José Bravo Bosch en representación do Grupo Municipal Popular neste Concello, na que se suxire "que non se suban os impostos e taxas municipais", pois o acordo plenario de aprobación provisional do 8 de setembro de 2011 non "incrementa". O que fai realmente é "actualizar", nos termos da variación do IPC entre o 30 de abril de 2010 e 30 de abril de 2011, os importe das tarifas vixentes, actualización que se realiza sistematicamente, ano tras ano na contía estrita do dato obtido do INE e utilizando sempre o mesmo período abril-abril.

Segundo.- Aprobar definitivamente o acordo provisional de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos pola prestación de ensinanzas

especiais e outras actividades en establecementos municipais, co texto aprobado en sesión plenaria do 8 de setembro de 2011.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificación da ordenanza fiscal aprobado definitivamente para o exercicio 2012.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do Libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2012.

3.23.(259).- APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DOS PREZOS PÚBLICOS POR UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS MUNICIPAIS, PERTENCENTES O "INSTITUTO MUNICIPAL DOS DEPORTES.

ANTECEDENTES.- Segundo se sinala no informe emitido con data 20 de outubro de 2011 pola directora de Ingresos, coa conformidade da concelleira delegada de Economía e Facenda:

"No Boletín Oficial da Provincia do 13 de setembro de 2011 e na prensa local con data 16 de setembro de 2011, foron publicados senllos anuncios de exposición pública dos acordos provisionais adoptados en sesión plenaria do 8 de setembro de 2011 sobre modificacións de ordenanzas fiscais e de prezos públicos contidas nos puntos 3.5 a 3.27 da orde do día, todo isto de conformidade co artigo 17.2 do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

Durante o período de exposición pública de trinta días hábiles comprendidos entre o día 14 de setembro e 19 de outubro pasado, tivo entrada no rexistro xeral a seguinte alegación:

- Documento nº 110133993 con data de entrada no Rexistro Xeral do 19.10.11. constitutivo da alegación formulada por D^a M^a José Bravo Bosch en representación do Grupo Municipal Popular neste Concello.

O texto da alegación reitera o contido da moción presentada polo Grupo Municipal Popular no Pleno do 12 de xullo de 2011 no sentido de que "*para o ano 2012 non se suban os impostos e taxas municipais aplicándose polo tanto un 0%...*"

Dende un punto de vista legal, os acordos aprobados nos puntos 3.5 a 3.27 da

orde do día cumprimentan o disposto na normativa de aplicación (títulos I e II do RDL 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da TRLRFFLL.

Dende un punto de vista económico, a aplicación do 3,8% aos tipos impositivos vixentes é una mera corrección monetaria que permite manter, en termos reais, a mesma achega dos cidadáns ao Concello que no ano 2011. Ano tras ano corríxense os tipos impositivos tomando como referencia a **variación do IPC efectivamente producida no período que vai de 30 de abril do ano anterior ao 30 de abril do ano en curso**. Utilizando sempre o mesmo ámbito temporal e a cifra exacta de variación do IPC publicada polo Instituto Nacional de Estatística, **a carga impositiva non varía en termos reais**. Só poderíamos considerar "subida de presión fiscal" se a corrección proposta fose superior á variación do IPC producida. Consta en todos os expedientes de modificación o dato publicado oficialmente polo INE que mostra unha variación do IPC no período considerado do 3,8%."

Polo anteriormente exposto, a directora de Ingresos formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Economía, Facenda e Educación, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o Sr. Fidalgo Iglesias do Grupo Popular).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Desestimar a alegación contida en documento nº 110133993 con data de entrada no Rexistro Xeral do 19.10.11, formulada por D^a M^a José Bravo Bosch en representación do Grupo Municipal Popular neste Concello, na que se suxire "que non se suban os impostos e taxas municipais", pois o acordo plenario de aprobación provisional do 8 de setembro de 2011 non "incrementa". O que fai

realmente é "actualizar", nos termos da variación do IPC entre o 30 de abril de 2010 e 30 de abril de 2011, os importe das tarifas vixentes, actualización que se realiza sistematicamente, ano tras ano na contía estrita do dato obtido do INE e utilizando sempre o mesmo período abril-abril.

Segundo.- Aprobar definitivamente o acordo provisional de modificación da ordenanza fiscal reguladora dos prezos públicos por utilización das instalacións deportivas municipais, pertencentes o "Instituto Municipal dos Deportes, co texto aprobado en sesión plenaria do 8 de setembro de 2011.

Terceiro.- Publicar no BOP o texto correspondente á modificación da ordenanza fiscal aprobado definitivamente para o exercicio 2012.

Cuarto.- Facultar á Dirección de Ingresos para a elaboración dos correspondentes textos refundidos coa finalidade da edición do Libro de ordenanzas fiscais e de prezos públicos 2012.

3.24.(251).- RECLAMACIÓN INVENTARIAL DE D. JOSÉ ROADE MISA RESPECTO DO RAMAL 1 DO CAMIÑO CURRÁS EN SAN MIGUEL DE OIA. EXPTE. 19182/240.

ANTECEDENTES.- En data 13 de outubro de 2011, o xefe do servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis da concelleira delegada, emite o seguinte informe:

NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común (LRXAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil (LEC).

- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.- D. José Roade Misa, mediante escrito, con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 20.04.2011 solicita a rectificación da cualificación do camiño Fontaiña Ramal 3 ao considerar que é unha propiedade privada sobre a que existe unha servidume de paso as fincas lindeiras.

2º.- Na instrución do expediente emitiuse informe por parte do arquitecto municipal do Servizo de Patrimonio na data 15.06.2011.

3º.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia á Asociación de Veciños de San Miguel de Oia e aos propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se poideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRXAP, formulando alegacións:

– D. Raúl Pedreira Cadaval o 13.09.2011, manifestando a súa conformidade coa rectificación solicitada estimando que se trata dunha servidume de paso e non camiño público.

– D. Francisco Freitas Roade en data 15.09.2011 na que manifesta a conformidade coa rectificación da cualificación do terreo ao se tratar dunha servidume de paso de titularidade privada.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Identificación do ben controvertido. O ramal 1 do camiño Currás na parroquia de Oia, obxecto da presente reclamación, figura grafiado na folla 7-38 do plano topográfico das vías municipais no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, na súa condición de vía pública integrado na rede viaria municipal, dunha lonxitude de 50 metros con inicio no camiño Currás e remate en finca particular, consonte ás fichas de características das devanditas vías públicas do Inventario.

2º.-- Natureza xurídica de ben de dominio público do ramal 1 do camiño Currás. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3º.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas, atópase a obriga de

inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo Secretario da Corporación local, co visto bo do presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No entanto, é de sinalar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, dito ramal do camiño da Igrexa foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos, este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4º.- Respecto á cuestión da desafectación e rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que non cabe entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución aos tribunais da orde xurisdiccional civil, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC.

Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese ramal como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. No presente caso, pódese sinalar que se trata dun ramal que partindo do camiño. Currás serve de acceso a distintas propiedades, co que é lindeira a propiedade solicitante do que se atopa separado por un peche, e reflectido como tal na planimetría do catastro, e sen que resulte acreditado o carácter de servidume de paso que manifesta ter dito ramal e que

gravaría a súa propiedade, xa que non se achega documento ningún constitutivo da mesma, pola contra, da documentación aportada (caderno particional dos bens de D. Germán Roade Pérez de data 18.05.1967) a propiedade sería lindeira polo seu vento norte con camiño de carro de acceso á mesma e a outras fincas, podéndose estimar neste senso que dito camiño de carro non forma parte da parcela senón que esta é lindeira co mesmo.

Conseguentemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico reconece ás corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); e que o devandito ramal 1 do camiño Currás ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal, podemos concluír a improcedencia dunha rectificación inventarial posto que, *prima facie*, estes forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como administración pública, de protexer e defender aos seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte ás demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

5º.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

Polo anteriormente exposto, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 24 de outubro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os membros do Grupo municipal do PP, Sra. Bravo Bosch e Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. José Roade Misa, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello dO 20.04.2011, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto do ramal 1 do camiño Currás na parroquia de San Miguel de Oia, reflectido no Inventario municipal de bens e

dereitos.

3.25.(252).- RECLAMACIÓN INVENTARIAL DE D. ALFONSO RODRÍGUEZ VILA, RESPECTO DO RAMAL 3 DO CAMIÑO FONTAÍÑA EN CABRAL. EXPTE. 19129/240.

ANTECEDENTES.- En data 10 de outubro de 2011, o xefe do servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis da concelleira delegada, emite o seguinte informe:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, o 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común (LRXAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES.

1º.- D. Alfonso Rodriguez Vila, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello dO 17.02.2011, solicita a descualificación do camiño Fontaíña Ramal 3 ao considerar que é unha propiedade privada.

2º.- Na instrución do expediente leváronse a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta administración, constando os seguintes:

- Informes do arquitecto municipal do Servizo de Patrimonio, de data 27.12.2007 e 17.02.2010.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 11.03.2011.

- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 09.03.2011.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 26.05.2011.

3º.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia á Asociación de Veciños de Cabral e aos propietarios de parcelas lindeiras na súa condición de interesados no procedemento como titulares de dereitos que se ponderan ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRXAP, formulando alegacións:

- D. Jorge Marcos Acevedo en data 05.09.2011, manifestando que cedeu ao Concello terreo lindeiro co ramal, sendo conseguintemente propiedade desa subministración.
- D. Carlos Castro Doce e outros en data 05.09.2011, manifestando a súa oposición á desafectación presentada ao ter carácter público.
- Asociación de veciños de Cabral en data 05.09.2011 no que manifesta que dito ramal botóuselle formigón polos veciños co formigón facilitado polo Concello.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Identificación do ben controvertido. O ramal 3 do camiño Fontaiña na parroquia de Cabral, obxecto da presente reclamación figura grafiado na folla 23-27 do plano topográfico das vías municipais no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, na súa condición de vía pública integrado na rede viaria municipal, dunha lonxitude de 40 metros con inicio no camiño. Fontaiña e remate en finca particular nº 34, consonte as fichas de características das devanditas vías públicas do Inventario.

2º.- Natureza xurídica de ben de dominio público do ramal 3 do camiño Fontaiña. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3º.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas, atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación local, co visto bo do presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación,

rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobouse definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No en tanto, é de sinalar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, dito ramal do camiño Fontaiña foi considerado vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4º.- Respecto á cuestión da desafectación e rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do camiño en cuestión en atención ó seu uso público ou, en caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que non cabe entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución aos tribunais do orde xurisdiccional civil, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC.

Neste senso, a controversia céntrase na configuración ou non dese ramal, como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. No presente caso, pódese sinalar que se trata dun ramal que partindo do camiño Fontaiña serve de acceso a distintas propiedades, cunha configuración física clara e delimitada polas fincas lindeiras, reflectido tanto no plano catastral como na cartografía municipal do ano 1985 que dispón de pavimento, alumeadado público e do servizo de abastecemento, atopándose aberto ao uso xeral dos veciños e cuxo carácter público ven corroborar aos veciños nas alegacións formuladas ó expediente, constando por outra banda cesións feitas no ramal a prol desta administración resultantes das licencias de obras outorgadas.

Conseguentemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico recoñece ás

corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); e que o devandito tramo do ramal 3 do camiño Fontaiña ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; podemos concluír a improcedencia dunha rectificación inventarial posto que, prima facie, estes forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como administración pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

5º.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

Polo anteriormente exposto, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 24 de outubro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os membros do Grupo municipal do PP, Sra. Bravo Bosch e Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vintesete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por D. Alfonso Rodríguez Vila, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 17.02.2011, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto do ramal 3 do camiño Fontaiña, na parroquia de Cabral, reflectido no Inventario municipal de bens e dereitos.

3.26.(253).- RECLAMACIÓN INVENTARIAL DE D^a M^a LUZ FERNÁNDEZ MARIÑO, RESPECTO DO RAMAL 1 DO CAMIÑO CEÁN EN CORUXO. EXPTE. 1136/244.

ANTECEDENTES.- En data 11 de outubro de 2011, o xefe do servizo de Patrimonio, coa conformidade da xefa da Área de Réxime Interior e máis da concelleira delegada, emite o seguinte informe:

“NORMATIVA DE APLICACIÓN

- Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das bases do Réxime local (LBRL).
- Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas (LPAP).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, Texto Refundido das Disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (TRRL).
- Real Decreto 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais (RBEL).
- Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo común (LRXAP).
- Lei 1/2001, do 7 de xaneiro, de Axuizamento Civil (LEC).
- Real Decreto do 24 de xullo de 1889, Código Civil (CC).

ANTECEDENTES

1º.- Da. M^a Luz Fernández Mariño, mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 29.03.2011, solicita a corrección dun erro na lonxitude do camiño de Cean R1 que consta nas fichas técnicas coa lonxitude de 130 metros, orixe no camiño Cean e remate na finca particular nº 26, estimando non coincidente coa que se reflicte no plano da cartografía de viais, que si é correcta e correspóndese coa realidade, solicitando a rectificación da lonxitude de dito ramal expresado nas fichas de características técnicas.

2º.- Na instrución do expediente leváronse a cabo os trámites procedementais regulamentarios e emitidos os pertinentes informes por parte dos técnicos dos servizos municipais competentes nas diversas materias que puideran incidir no obxecto do expediente e na resolución que finalmente deban adoptar os órganos competentes desta administración, constando os seguintes:

- Informe do arquitecto municipal da Oficina Técnica da Unidade de Patrimonio, de data 04.05.2011.
- Informe do Servizo de Vías e Obras de data 16.06.2011.
- Informe do Servizo de Electromecánicos, de data 07.06.2011.
- Informe do Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, de data 02.08.2011.

3º.- Así mesmo, outorgouse tramite de audiencia á Asociación de Veciños de Coruxo e aos propietarios de parcelas lindeiras, na súa condición de interesados

no procedemento como titulares de dereitos que se puideran ver afectados pola solicitude de descatalogación presentada, nos termos dos artigos 31 e 84 LRXAP, formulando alegacións:

– D. Eduardo Alonso Frade o 12.09.2011, manifestando a súa oposición á desafectación como público do camiño ao ser o acceso á súa finca e a outras lindeiras que dispoñen de servizos municipais.

– A Asociación de veciños de Coruxo en data 19.09.2011 na que manifesta que os veciños afectados presentaron alegacións en contra de dita desafectación, tratándose dun treito de camiño asfaltado que consta de servizos públicos e que a solicitante non foi titular dos terreos que pretende desafectar, solicitando a súa denegación.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

1º.- Identificación do ben controvertido. O ramal 1 do camiño de Cean, na parroquia de Coruxo, obxecto da presente reclamación figura grafiado na folla 9-34 do plano topográfico das vías municipais no Inventario Municipal de bens e dereitos aprobado por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, na súa condición de vía pública integrado na rede viaria municipal e apuntado nas fichas de características técnicas con orixe no camiño Cean e remate na finca particular nº 26, dunha lonxitude de 130 metros.

2º.- Natureza xurídica de ben de dominio público do ramal 1 do camiño Cean. Son bens de dominio público os que, sendo de titularidade pública, se atopan afectados ó uso xeral ou ó servizo público, así como aqueles ós que unha lei outorgue expresamente o carácter de demaniais (artigos 5 LPAP, 79 LBRL, 263 LALG). Dentro dos bens demaniais das corporacións locais, teñen a consideración de bens de uso público local, entre outros, os camiños de aproveitamento ou utilización xeral cuxa conservación e policía sexan competencia da entidade local (artigos 264 LALG, 74 TRRL e 3 RBEL).

3º.- Carácter do Inventario Municipal de bens e dereitos. Entre os medios e facultades que establece o ordenamento xurídico para garantir a protección e defensa do patrimonio das administracións públicas, atópase a obriga de inventariar os bens e dereitos que o integran, facendo constar, co suficiente detalle, as mencións necesarias para a súa identificación, así como as que resulten precisas para reflectir a súa situación xurídica e o destino ou uso a que son adicados (artigos 32.1 LPAP, 278 LALG, 86 TRRL e 17 RBEL). O inventario deberá autorizarse polo secretario da Corporación local, co visto bo do presidente, e o Pleno será o órgano competente para acordar a aprobación, rectificación e comprobación do mesmo (artigos 32.1 e 34 RBEL).

O Inventario Municipal de bens e dereitos do Concello de Vigo aprobose definitivamente por acordo plenario de data 4 de maio de 1993, con referencia ó 31 de decembro de 1991. Para a súa aprobación seguiuuse o procedemento establecido no artigo 49 LBRL para a aprobación das ordenanzas locais, aínda

que as disposicións legais aplicábeis non o esixen, para maior garantía dos dereitos e intereses dos administrados: a) aprobación inicial polo Pleno municipal, en data 19 de decembro de 1992; b) información pública e audiencia ós interesados por prazo de 30 días para formulación de alegacións e presentación de reclamacións, no seu caso; c) resolución de todas as reclamacións presentadas dentro de prazo; d) aprobación definitiva polo Pleno.

No entanto, é de sinalar que durante o período de información pública non consta que se tivese formulado ningunha alegación en relación coa inclusión do camiño obxecto do presente expediente no Inventario Municipal de bens e dereitos no seu epígrafe correspondente ás vías públicas, segundo resulta dos antecedentes do expediente de rectificación e actualización do mencionado inventario. En consecuencia, dito ramal do camiño de Cean considerouse vía pública de titularidade municipal integrante do patrimonio municipal en condición de ben de dominio público afecto ó uso público.

Tralo acordo plenario de aprobación definitiva do Inventario Municipal de bens e dereitos, este deveu firme, resultando esgotada a vía administrativa, e goza, polo tanto, da lexitimidade, validez e executividade que o noso ordenamento xurídico atribúe aos actos administrativos firmes (artigos 56 e 57 LRJAP).

4º.- Respecto á cuestión da desafectación e rectificación inventarial solicitada. O presente expediente ten como finalidade determinar se é correcta a inclusión no epígrafe I do inventario municipal do tramo final do camiño en cuestión en atención ó seu uso público, ou, no caso contrario, de non concorrer esta circunstancia, se procede rectificar o inventario, dándoo de baixa, dado que a administración municipal non pode entrar en cuestións de propiedade ó corresponder a competencia para o seu coñecemento e resolución á xurisdición civil.

Neste senso, a controversia centrase na configuración ou non dese tramo (que non figura grafiado na folla 9-34 aínda que si reflectido nas fichas de características técnicas), como público en virtude da súa afectación ó uso público e da posesión pública e pacífica do mesmo polo Concello de Vigo. No presente caso, pódese sinalar que se trata dun ramal que partindo do camiño Cean que serve de acceso a distintas propiedades, cunha configuración física clara e delimitada polas fincas lindeiras, que dispón de servizos públicos e reflectida tanto nos planos do Catastro, como na planimetría do Concello (plano escala 1:1000 do ano 1985, e no plano lecar 1/2000 do ano 1964 salvo nun tramo final) segundo resulta do informado polo Servizo de Cartografía, constando así mesmo coa oposición dos veciños manifestada pola Asociación Veciñal de Coruxo na instrución do expediente á dita desafectación.

Conseguentemente co exposto, no presente caso a discordancia entre o tramo grafiado do camiño na planimetría de viais e o que resulta das fichas de características técnicas, pódese estimar que responde a un simple erro de grafía, rectificable de oficio ou a instancia dos interesados en calquera momento pola administración, vía art. 105.2 da LRXAP e PAC.

Por outra banda, de acordo co informado polo arquitecto de Patrimonio, no vixente plan xeral atópanse marcadas aliñacións dun vial que afecta ao camiño nunha lonxitude de 75 metros lineais dende o seu inicio, concorrendo con isto o suposto de feito contemplado no acordo plenario de data 30.11.94, segundo o cal todos os expediente de rectificación do Inventario municipal deberán levar unha cláusula xeral no senso de que as rectificación se farán menos naquelas porcións de terreo que o plan xeral recolla como viario.

A interesada propón unha desafectación de dito camiño baseada nunha reclamación sobre o carácter privado do mesmo. A desafectación ou alteración da natureza xurídica dos bens demaniais supón partir da consideración de ditos bens como integrantes do demanio público municipal, pola súa titularidade pública e afectación ou destino a un uso ou servizo público (art. 5.1 LPAP). O cambio na súa natureza xurídica demanial incide sobre esta derradeira característica da súa vinculación ou non a un uso ou servizo público, podendo dar lugar, de concorrer os presupostos legais esixidos na normativa reguladora do patrimonio das AAPP, a desvinculación de ditos bens ao uso público e polo tanto a súa saída do dominio público, manténdose en todo caso a titularidade municipal dos bens ao non incidir nin ser obxecto de dito procedemento as cuestións de propiedade cuxo coñecemento e resolución como queda dito está reservado á xurisdición ordinaria.

Conseguentemente, tendo en conta que o ordenamento xurídico reconece as corporacións locais plena capacidade xurídica para a adquisición de toda clase de bens e dereitos por calquera medio válido en dereito (artigos 5 LRBRL; 270 e 275 da LALG; 8.4.c, 9, 14.1 RBEL); que o devandito ramal do camiño Cean ven destinándose ó uso público como parte integrante das vías públicas de titularidade municipal; e que non se aprecia unha alteración ou modificación das circunstancias de afectación ó uso público deste, podemos concluír a improcedencia dunha desafectación por falta de causa que a motive, así como da rectificación inventarial solicitada, posto que, *prima facie*, estes forman parte do demanio público municipal e polo tanto concorre a obriga, como administración pública, de protexer e defender os seus bens e dereitos, tendo prohibido o alleamento fronte as demandas formuladas contra eles (artigos 5, 68.1 LRBRL; 270, 284.2, 285 LALG; 220 ROF e 9 e 73 RBEL).

5º.- Natureza xurídica da presente reclamación. A reclamación en vía administrativa, segundo dispón o artigo 120.1 LRXAP, é requisito previo ó exercicio de accións fundadas en dereito privado ou laboral contra calquera administración pública, salvo nos supostos nos que este requisito estea exceptuado por unha disposición con rango de lei. No caso que nos ocupa, dado que se trata dunha cuestión de propiedade e a declaración da existencia de dereitos, de acordo co disposto no artigo 5 da LEC, é competencia dos tribunais do orde xurisdicional civil, resulta procedente a interposición de reclamación administrativa previa, carácter que cabe predicar da presente reclamación aínda que o interesado non a denomine formalmente deste xeito, en virtude do antiformalismo que preside a regulación dos procedementos administrativos na Lei 30/1992, de 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento administrativo Común, por analoxía co disposto no artigo 110

LRXAP respecto dos recursos administrativos.

6º.- Órgano competente para a resolución da reclamación administrativa previa. Resulta competente para a aprobación e rectificación do Inventario Municipal de bens e dereitos o Pleno do Concello (artigos 278 LALG e 34 RBEL).”

En mérito ó exposto, se propón ó Pleno Municipal, previo informe da Comisión informativa de Xestión Municipal, a adopción do seguinte acordo:

Polo anteriormente exposto, o xefe do Servizo de Patrimonio emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 24 de outubro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os membros do Grupo municipal do PP, Sra. Bravo Bosch e Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vintecinco membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Desestimar a reclamación administrativa previa á vía xurisdiccional civil formulada por Dª Mª Luz Fernández Mariño mediante escrito con data de entrada no Rexistro Xeral deste Concello do 29.03.2011, ó non resultar procedente, á vista dos fundamentos xurídicos recollidos no corpo do presente escrito, a desafectación e rectificación inventarial solicitada respecto do tramo final do ramal 1 do camiño Cean, na parroquia de Coruxo, reflectido no Inventario municipal de bens e dereitos.

3.27.(254).- INCREMENTO DA CONTÍA GLOBAL DESTINADA A COMPLEMENTO DE INCENTIVOS AO RENDEMENTO (COMPLEMENTO DE PRODUTIVIDADE) NO ORZAMENTO VIXENTE DO CONCELLO PARA O EXERCICIO DE 2011. Expte. 22428/220 (343/1101).

ANTECEDENTES.- Con data 10 de outubro de 2011, a técnica de Avaliación e

Formación de RRHH, coa conformidade da xefa do servizo e máis dos concelleiros delegados de Xestión Municipal e Economía e Facenda, emite o seguinte informe:

“O Pleno do Concello, en sesión realizada o 23 de decembro de 2010, aprobou con carácter definitivo o orzamento xeral do Concello e os seus organismos autónomos administrativos (Instituto Municipal dos Deportes, Parque das Ciencias Vigo-Zoo, Escola Municipal de Artes e Oficios e Xerencia Municipal de Urbanismo), publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 248, de 29 de decembro de 2010.

O crédito inicial aprobado para a partida orzamentaria 922.0.150.00.00-productividade- é de 400.000,00€. Ata a data realizouse a modificación orzamentaria 24.11 por importe de 300.000,00€, polo que a dotación da mesma ascende a 700.000,00€.

Vista a instrución do servizo dada polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal en data 10.10.2011, e tendo en conta o custo dos compromisos adquiridos co persoal municipal, derivados da aplicación do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores/as ao servizo do Concello de Vigo, así como das instrucións sobre plantilla e cadro de persoal, e relación de postos de traballo vixente, xunto con outros acordos da Xunta de Goberno Local, sentenzas xudiciais con custes susceptibles de ser imputables á partida 92201500000 e compromisos acadados coa representación sindical dos empregados/as públicos locais, resulta necesario o incremento da dotación existente na actualidade na devandita partida.

Dito incremento poderá financiarse e realizarse con cargo aos créditos non consumidos ata a data das prazas e postos de traballo asociados ás mesma, que se atopan vacantes e partidas orzamentarias correspondentes.

As bases de execución do orzamento xeral do ano 2011, aprobadas na mesma sesión do Pleno antes citada, recollen na súa disposición adicional sétima *“Contía máxima para o ano 2011 a distribuír polos complementos de produtividade, gratificacións e horas extraordinarias: “Ao obxecto de dar cumprimento ao regulamentado nos artigos 5 e 6 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril e facelo executable co previsto no artigo 127.1.h), da Lei 7/1985, do 2 de abril, os complementos máximos polos conceptos de gratificacións e produtividade para o ano 2011 serán os seguintes: O complemento de produtividade e o seu equivalente para o persoal laboral non sobrepasará a contía de 0,7 millóns de euros, o de gratificacións e horas extraordinarias para o persoal laboral os 3 millóns de euros, ambos límites deben estar dentro das porcentaxes que fixa o artigo 7 do Real Decreto 861/1986 do 30 e 10 por 100 respectivamente da masa salarial. Ata acadar a devandita contía, o órgano competente poderá incoar as modificacións orzamentarias necesarias dentro do capítulo I dos orzamentos, tendo en conta os postos dotados e os efectivos cubertos, sen que en ningún caso o gasto do capítulo I do estado de gastos do orzamento poida experimentar incremento como consecuencia das devanditas modificacións orzamentarias. No*

caso de precisar un incremento destes importes, deberá ser o Pleno da Corporación quen autorice aumentar estes complementos”.

Dada a insuficiencia de crédito existente na partida 922.0.150.00.00 para facer fronte ao gasto en concepto de produtividade anteriormente citado, e previo o preceptivo informe de fiscalización que sexa emitido pola Intervención Xeral nos termos do RD Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como o ditame da comisión informativa de Asuntos Xerais...”

Polo anteriormente exposto a funcionaria informante emite a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

O interventor xeral, con data 24 de outubro de 2011, emite o seguinte informe:

“A indicada proposta ten por finalidade someter á consideración do Concello-Pleno proposta de incremento da contía global dotada no orzamento vixente do Concello correspondente ao ano en que andamos, para complementos de produtividade, o se ter acadado a contía máxima autorizada polo Pleno con ocasión da aprobación do orzamento xeral para o ano 2011.

Así en efecto a disposición adicional sétima das bases de execución do ano en que andamos, aprobadas conxuntamente co orzamento xeral para dito ano, autorizaron unha contía máxima para complemento de produtividade de 700.000 euros; polas razóns e motivos que se conteñen na proposta incluída no expediente interésase incrementar ese límite máximo ata a cifra de 1.600.000 euros, para o que se solicita a autorización do Pleno da Corporación e, unha vez obtida, no seu caso, levar a cabo as modificacións orzamentarias que sexan precisas na aplicación orzamentaria 922.0.1500000 (“Produtividade”) sen que en ningún caso se poida sobrepasar o novo límite solicitado, para o cal se precisaría nova autorización dese órgano colexiado.

A competencia para a fixación e ampliación de dita contía global corresponde ao Pleno da Corporación, a teor do previsto no artigo 93.2 da Lei 7/85, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local e artigo 5 do Real Decreto 861/1986, do 25 de abril, polo que se establece o réxime de retribucións dos funcionarios da administración local.

Polo que respecta aos feitos e circunstancias que motivan a solicitude, o Pleno da Corporación do incremento da contía dos indicados complementos obedece, segundo se desprende do contido da proposta que se informa: *“os compromisos acadados e derivados da aplicación de acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, Instrucións sobre plantilla anexas á relación de postos de traballo, compromisos coa representación sindical/ dos traballadores...”*

Tendo en conta a motivación de carácter xenérico que se deixa indicado, nos

expedientes que, no seu caso, se tramiten para o recoñecemento individual dos complementos deberá concretarse, por parte dos órganos ou responsables que propoñan a súa asignación, estas motivacións agora expostas de forma xenérica. En todo caso haberán de observarse as instrucións sobre plantilla e relación de postos de traballo do persoal ao servizo da Corporación e dos seus OOAA, que na súa instrución terceira realiza unha enumeración dos supostos que determinan o devengo do complemento de produtividade, se ben tal enumeración non constitúe unha lista pechada, de tal maneira que a Xunta de Goberno Local, en exercicio das competencias que atribúe o artigo 127.l.h) da Lei 7/85 do 2 de abril, Reguladora das bases do réxime local, pode determinar outros parámetros ou criterios de asignación para establecer outros supostos que dean lugar ao devengo de dito complemento de produtividade. En definitiva, calquera produtividade que non teña a súa causa nas referidas instrución de plantilla ou no acordo regulador vixente das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, aprobado en sesión plenaria do 28.12.98, deberá preceptivamente someterse a aprobación da Xunta de Goberno Local para fixar, no seu caso, as propostas obxectivas de asignación.

Finalmente, queremos referirnos as incidencias das limitacións establecidas na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o actual ano do 2011 en canto ao crecemento das retribucións dos empregados públicos, respecto da proposta incluída no expediente que se está a informar.

O artigo 22 da Lei 39/2010, do 22 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2011, establece no seu apartado segundo:

Dos. En el año 2011, las retribuciones del personal al servicio del sector público no podrán experimentar ningún incremento respecto a las vigentes a 31 de diciembre del 2010 resultantes de la aplicación), en términos anuales, de la reducción de retribuciones prevista en el artículo 22. Dos.B) de la ley 26/2009, de 23 de diciembre, de Presupuestos Generales del Estado para el año 2010, en términos de homogeneidad para los dos períodos de comparación, tanto por lo que respecta a efectivos de personal como a la antigüedad del mismo.

E o mesmo precepto, nos apartados oito, nove e doce, indica:

Ocho. Lo dispuesto en los apartados anteriores debe entenderse sin perjuicio de las adecuaciones retributivas que, con carácter singular y excepcional, resulten Imprescindibles por el contenido de los puestos de trabajo, por la variación del número de efectivos asignados a cada programa o por el grado de consecución de los objetivos fijados al mismo, siempre con estricto cumplimiento de lo dispuesto en la normativa vigente.

Nueve. Los acuerdos, convenios o pactos que impliquen crecimientos retributivos superiores a los que se establecen en el presente artículo o en las normas que lo desarrollen deberán experimentar la oportuna adecuación, deviniendo inaplicables las cláusulas que establezcan cualquier tipo de Incremento.

Doce. Este artículo tiene carácter básico y se dicta al amparo de los artículos

149.1.13 y 156.1 de la Constitución. Las Leyes de Presupuestos de las Comunidades Autónomas y los Presupuestos de las Corporaciones Locales correspondientes al ejercicio 2010 recogerán los criterios señalados en el presente artículo.

Pola súa parte, o artigo 5.2 do xa citado RD 861/1986, do 25 de abril, determina que a apreciación da produtividade deberá realizarse en función de circunstancias obxectivas relacionadas directamente co desempeño do posto de traballo e obxectivos asignados ao mesmo.

Por conseguinte, do exposto despréndese que as xenéricas razóns que se esgrimen na proposta que se informa para solicitar a ampliación da contía global existente no orzamento do organismo para complementos de incentivo ao rendemento, no momento da súa asignación individual deberanse concretar en criterios obxectivos que poñan de manifesto e xustifiquen o carácter excepcional e singular que debe presidir tal distribución nominativa, para adecuar tal contía de incentivos ao rendemento ao número de efectivos ou ao grao de consecución de determinados obxectivos, todo isto para a debida e necesaria observancia da normativa legal citada.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do día 27 de outubro, ditamina favorablemente a devandita proposta.

(Están ausentes os membros do Grupo Popular, Sra. Bravo Bosch e Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e once abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase:

Primeiro.- Autorizar o incremento da contía máxima asignada á partida orzamentaria 922.0.150.00.00 “Produtividade”, quedando a mesma no importe de 1.600.000,00€, financiando dito incremento con cargo aos créditos non consumidos correspondentes ás dotacións económicas asignadas a prazas

vacantes de persoal e postos de traballo asociados, coa finalidade de dispoñer de cobertura orzamentaria suficiente e necesaria para os aboamentos que sexan aprobados pola Xunta de Goberno Local con cargo á partida 922.01500000, conceptos recollidos na Instrución 4ª de cadro de persoal e RPT vixentes, así coma outros acordos da Xunta de Goberno Local que sexan adoptados.

Segundo.-Dispoñer que pola Alcaldía-Presidencia se proceda á materialización das correspondentes transferencias de crédito á partida 922.0.150000 con cargo aos créditos non consumidos, correspondentes ás vacantes de persoal ao abeiro do disposto no artigo 179.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Facendas Locais, e disposición adicional sétima das bases de execución dos orzamentos municipais para o presente exercicio económico 2011.

Terceiro.- Ordenar a publicación do presente acordo no Boletín Oficial da Provincia, significando que contra o mesmo poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo nos supostos, termos e condicións recollidos nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

3.28.(255).- RATIFICACIÓN DE ACORDO SOBRE A COMPOSICIÓN DO CONSELLO MUNICIPAL DA MULLER. EXPTE. 5124/224.

ANTECEDENTES.- Con data 19 de setembro de 2011, a secretaria do Consello Municipal da Muller e máis a xefa do Servizo de Igualdade, coa conformidade da concelleira delegada, emiten o seguinte informe:

“Para constituír o novo Consello Municipal da Muller consonte co previsto no art. XII do regulamento que o rexe, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal do día 26 de febreiro de 1993, solicitouse a todas as entidades que o compoñen (art. II do RCMM) o nomeamento da súa representante.

A presidenta convoca ao novo Consello Municipal da Muller o mércores, día 14 de setembro de 2011. Presenta á súa consideración a composición do mesmo e o calendario de xuntanzas anuais, segundo o previsto na disposición adicional primeira do regulamento para, posteriormente, ser sometido ó ditame da comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade e á súa

ratificación polo Pleno da Corporación Municipal consonte co disposto no artigo XIII do Regulamento do Consello Municipal de Muller aprobado polo Pleno da Corporación Municipal o día 26 de febreiro de 1993 e publicado no Boletín Oficial de Pontevedra do día 13 de abril de 1993.”

Polo anteriormente exposto, as funcionarias informantes emiten a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita proposta.

(Está ausente o membro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Ratificar o acordo do Consello Municipal da Muller, adoptado en sesión do 14.09.11, co seguinte contido:

“O Consello Municipal da Muller, consonte co previsto no art. II, III e a disposición adicional primeira do regulamento que o rexe, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal na sesión do día 26 de febreiro de 1993, toda vez que no prazo regulamentario foron presentadas as acreditacións das representantes de cada entidade participante, a presidenta somete á consideración do Consello Municipal da Muller a proposta de constitución que se eleva ao Pleno da Corporación Municipal para a súa aprobación:

D^a M^a Jesús Lago Rey, Presidenta

D^a Josefina Silva Rego, GRUPO MUNICIPAL DO PSdeG-PSOE
SUPLENTE: (pendente de designar)

D^a Iolanda Veloso Ríos, GRUPO MUNICIPAL DO BNG
SUPLENTE: Cristina Piñeiro Pérez
D^a Teresa Egerique Mosquera, GRUPO MUNICIPAL DO PP
SUPLENTE: Teresa Cendón Alonso

Representantes de Asociacións de Mulleres:

D^a María Alonso Gómez
ASOCIACIÓN DE MULLERES LÚA
Alameda do Torreiro. VIGO
SUPLENTE: Manola Vilasó

D^a Marina Villar Alonso
ASOCIACIÓN DE MULLERES ROSALÍA DE CASTRO
Avda. Sta. Marina, 95, Cabral. VIGO
SUPLENTE: Marina Carrera Jorge

D^a Aurea González González
ASOCIACIÓN DE MULLERES DORNA
Rúa Nigrán, 2-8^o dereita, Coia. 36209 VIGO
SUPLENTE: Margarita Yáñez Paz

D^a Pilar Martínez Otero
APM CONCEPCIÓN ARENAL
Rúa Camelias, 49-8^o f- 36211 VIGO
SUPLENTE: M^a del Carmen Sánchez Real

D^a M^a Xosé Queizán Vilas
FEMINISTAS INDEPENDENTES GALEGAS
Rúa Regueiro, 15-51 - 36211 VIGO
SUPLENTE: Mónica Bar Cendón

D^a Luisa Ocampo Pereira
MULHERES NACIONALISTAS GALEGAS
Rúa Urzáiz, 130-11 D - 36201 VIGO
SUPLENTE: Paula Fernández Otero

D^a María Fernanda García Collazo
ASOCIACIÓN DE MULLERES PROGRESISTAS
Rúa Policarpo Sáenz, 12-2^o of. 1 - 36201 VIGO
SUPLENTE: María Montserrat Lamas González

D^a Pilar Falque González
ASOCIACIÓN DE MULLERES DE BOUZAS
Rúa Cánovas del Castillo, 12-7^o - VIGO
SUPLENTE: María Durán Carballido

D^a Nieves Alonso Pérez
ASOCIACIÓN DE MULLERES XESTAS
C^o das Plantas, s/n. Xestoso-Bembrive - 36313 VIGO
SUPLENTE: Beatriz Arroyo
D^a Nuria Andión Rodríguez
COLECTIVO VIOLETA
SUPLENTE: María Santos Sobrido

D^a Rosa Fontaiña Pazos
ASOC. REDE DE MULLERES VECIÑAIS CONTRA OS MALOS TRATOS DE VIGO
Oliva, 12 - VIGO
SUPLENTE: Rosario Otero Rodríguez

D^a Isabel López Lorenzo

ESCOLA DE MULLERES SOLIDARIAS ÁREA METROPOLITANA DE VIGO
rúa García Barbón, 65-baixo - 36201 VIGO
SUPLENTE: M^a Carmen Álvarez García

D^a Mónica Barreras Viso
ASOCIACIÓN MUJERES EN IGUALDAD
rúa Gran Vía, 45-8^o dereita - 36204 VIGO
SUPLENTE: M^a Pilar Blazquez Ballesteros

SUPLENTE:

Vogalías da muller federadas
Representantes Vocalía da Muller da Federación Veciñal “Eduardo Chao” de Vigo
D^a Ana Pérez Davila
D^a Eugenia García Rodríguez
D^a Carmen González Estévez
D^a Xenerosa Acosta Vello
D^a Dolores Domínguez
Praza da Princesa, 7, 2^o andar - 36202 VIGO

Representantes das Secretarías da Muller dos Sindicatos

D^a Consuelo Martínez García
SECRETARÍA DA MULLER DA CIG
Rúa Gregorio Espino, 47 Entrechán - 36205 VIGO
SUPLENTE: Esther Mariño Costales

D^a Elena Rodríguez Giráldez
SECRETARÍA DA MULLER DE CC.OO.
rúa As Teixugueiras, 11, entresoto - VIGO
SUPLENTE: Yolanda Díaz Rodríguez

D^a Trinidad Pérez-Labaca Biz
SECRETARÍA DA MULLER DO STEG
rúa Doutor Dadaval, 33-2^o c
SUPLENTE: M^a Teresa Otero Dacosta

D^a M^a Ángeles Arias Miño
SECRETARÍA DA MULLER DA UXT
Rúa Heraclio Botana, 2-3^o - 36201 VIGO
SUPLENTE: (pendente de designar)

Servizos municipais

CENTRO MUNICIPAL DE INFORMACIÓN DOS DEREITOS DA MULLER
Rúa Romil, 20 - 36202 VIGO

SECRETARIA DELEGADA
Cristina Gómez García

CALENDARIO ANUAL DE XUNTANZAS:
Mércores 19 de outubro 2011”

3.29.(256).- PROPOSTA DE FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2012. EXPTE.
334/1101

ANTECEDENTES.- Con data 20 de outubro de 2011, a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

“En cumprimento do disposto no artigo 37.2 do Real Decreto Legislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei do estatuto dos traballadores, e no artigo 46 do Real decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo, o Alcalde do Concello propón fixar como festas locais de Vigo para o ano 2012:

- 28 de marzo, día da Reconquista da Cidade.
- 16 de agosto, festividade de San Roque.”

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de outubro, ditamina favorablemente a anterior proposta.

(Está ausente o Sr. Fidalgo Iglesias, do Grupo Popular)

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a proposta da Alcaldía-Presidencia que se transcribe nos antecedentes deste acordo e, xa que logo, declarar festivos locais neste municipio para o próximo ano 2012 os días 28 de marzo, día da Reconquista da Cidade, e 16 de agosto, festividade de San Roque.

3.30.(257).- NOMEAMENTO DE SEGUNDO REPRESENTANTE NO CONSELLO

TERRITORIAL DA PROPIEDAD INMOBILIARIA DE PONTEVEDRA.
EXPTE. 1700/500 (REXISTRO PLENO 321/1101)

ANTECEDENTES.- A concelleira delegada de Economía e Facenda, en sesión plenaria do 8 de xullo de 2011, foi nomeada vogal para representar a este Concello no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria de Pontevedra.

Por escrito de data 21 de setembro, a concelleira delegada de Economía e Facenda solicita o nomeamento dun segundo representante para o caso de que non puidera asistir a algunha sesión por impedimento, ausencia ou enfermidade polo que formula a proposta que se contén na parte dispositiva deste acordo.

A comisión informativa de Xestión Municipal, en sesión do 24 de outubro, ditamina favorablemente.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN E ACORDO.- Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Rectificar o apartado terceiro do punto 10 da orde do día do Pleno que tivo lugar o día 8 de xullo de 2011, que quedará redactado como segue:

“O Concello de Vigo estará representado no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria da Subxerencia Territorial da Dirección Xeral do Catastro da Delegación de Facenda de Vigo pola súa concelleira delegada da Área de Economía e Facenda, D^a Raquel Díaz Vázquez. En caso de impedimento, ausencia ou enfermidade, substituirá á citada concelleira, D^a M^a Jesús Magdalena Vila, funcionaria do Concello, directora de Ingresos”.

4.- PROPOSICIÓNS MENCIONADAS NO ARTIGO 63 DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

Neste intre e en cumprimento de acordo plenario, a Corporación e máis todas as

persoas presentes no salón do Pleno, postas en pé, gardan un minuto de silencio en memoria das vítimas da violencia de xénero.

5.- MOCIÓNS:

5.1.- (258).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA DEMANDANDO DA CONSELLERÍA DE SANIDADE A REVOGACIÓN DA ORDE DE SUSPENSIÓN DAS CONSULTAS DE SAÚDE XINECOLÓXICA. EXPTE. 326/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 19 de outubro, número 326/1101, a concelleira do Grupo municipal Socialista, Sra. Silva Rego, formula a seguinte moción:

“No desenvolvemento do noso sistema nacional de saúde, un dos grandes fitos conseguido entre todos foi a aposta polo establecemento progresivo de políticas para a saúde integral da muller. Neste sentido, aos poucos, fóronse introducindo na dinámica do noso sistema de saúde, programas e medidas tendentes a promover a saúde integral da muller nas diversas fases da súa evolución biolóxica e vital, así como crear os correspondentes dispositivos asistenciais tendentes a prever e atender as patoloxías e procesos prevalentes. Desta forma, fóronse estendendo por todo o Estado unidades de planificación familiar, unidades de prevención de cancro de mama, consultas de saúde xinecolóxicas onde levan a cabo recoñecementos xinecolóxicos de tipo preventivo para o control da saúde ao longo das diferentes fases biolóxicas e a prevención de patoloxías prevalentes, como cancro de pescozo uterino, ovario, mama e a atención aos factores asociados á menopausa, como a prevención e tratamento da osteoporose, etc.

Pois ben, cando todo este tipo de actividades estaban no seu normal desenvolvemento e con plena aceptación da poboación e cando en Galicia, ademais, estíbese en fase de desenvolvemento do Plan de Saúde da Muller iniciado polo anterior goberno da Xunta presidido por don. Emilio Pérez Touriño, a conselleira de Sanidade do Goberno presidido polo Sr. Feijóo, suspendeu a principios deste ano a consulta de saúde ou preventiva xinecolóxica na área de Vigo, anulando todas as citas programadas e deixando sen este tipo de atención a milleiros de mulleres que agora non poden realizar os controis de saúde periódicos e que se desexan ser valoradas por xinecoloxía deben presentar algún problema de saúde para que as remita o médico de atención primaria. Isto obriga a aquelas mulleres que poidan facelo, acudir á atención privada e a inmensa

maioría que non pode, quedar sen este tipo de atención preventiva.

A pesar das múltiples protestas das cidadás, dos profesionais e dalgúñas centrais sindicais, a realidade é que pasados preto de dez meses, a Consellería de Sanidade persiste na súa actitude inxusta, retrógrada e indolente, pondo en rega a saúde da muller, á vez que induce un novo retroceso nos logros do noso sistema sanitario e nos dereitos esenciais das mulleres.

É por isto polo que propoñemos ó Pleno dá Corporación ou seguinte acordo:

Demandar á Consellería de Sanidade revogue a orde de suspensión das consultas de saúde xinecolóxica e proceda á súa restitución con carácter inmediato.”

A comisión informativa de Medio Ambiente, Xuventude e Igualdade, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita moción.

DEBATE.- SRA. SILVA REGO: Todos os organismos e institucións sanitarias e políticas internacionais, nacionais e rexionais, levan xa moitos anos presentando e esixindo que a perspectiva de xénero se integre na política sanitaria como instrumento fundamental na procura da equidade na saúde entre mulleres e homes.

Ninguén pode cuestionar, eludir ou negar en pleno século XXI que o xénero se configura nun determinante da saúde e que xunto outras variables socio-demográficas é un elemento potencialmente xerador de desigualdades que son por definición inxustas, innecesarias e sobre todo obrigatoriamente evitables.

No desenvolvemento do noso sistema sanitario o establecemento de políticas para a saúde integral da muller foi un gran fito que permitiu que progresivamente se fosen introducindo plans, programas e medidas encamiñadas a promover a saúde integral da muller nas diversas fases da súa evolución biolóxica e vital, así como na creación daqueles instrumentos asistenciais tendentes a previr e atender as patoloxías, a prevalencia das enfermidades e os problemas de saúde con maior impacto nas mulleres.

Incriblemente, cando en Galicia se consolidaran este tipo de actuacións e se estaba desenvolvendo o Plan de Saúde da Muller que aprobara o anterior goberno liderado por Emilio Pérez Touriño, a Sra. Farjas, muller, conselleira de Sanidade do actual goberno Feijóo, suspendeu a primeiros de ano a consulta de saúde preventiva xinecolóxica na área de Vigo, anulando todas as citas

programadas e deixando sen atención a milleiros de mulleres, 11.000 que por esta decisión inadmisíbel non poden realizar os controis de saúde periódicos e que se solicitan seren valoradas por Xinecoloxía deben presentar algún problema de saúde para que as remita o médico de Atención Primaria. Isto ten como consecuencia inaceptable que centos de mulleres teñan que asistir á sanidade privada, quen o poden facer, ou quedar sen este tipo de atención preventiva.

Foron múltiples as reclamacións, protestas e demandas, pero a conselleira de Sanidade segue sen dar marcha atrás nesta decisión inxusta, retrógrada, indolente e irresponsable que pon en risco a saúde de máis do 50% da poboación, á vez que supón un moi grave retroceso nos logros do noso sistema de saúde e nos dereitos esenciais das mulleres.

Por todo iso, en nome do Grupo municipal Socialista pedimos que o Pleno deste Concello aprrobe demandar á conselleira de Sanidade, muller, que se revogue a Orde de suspensión das consultas de saúde xinecolóxica e proceda á súa restitución de forma inmediata.

Agardamos contar co apoio unánime de toda a Corporación xa que é unha petición xusta e negarse a ela sería sinónimo de ataque inxustificado ao dereito integral á saúde das mulleres, ademais dunha irresponsabilidade que faría cómplices aos que se opoñan. Agardo que non ouse ninguén dicir que o feito que, de acordo co Plan da Muller en Primaria, se poida realizar a toma de mostras para unha citoloxía, non significa que se poida substituír o labor dun especialista de xinecoloxía que non só efectúa esta proba, senón que realiza unha exploración especializada e indica as probas axeitadas en función do perfil da paciente.

Agardo que ninguén faga uso da falsidade de que dende a Atención Primaria se poden resolver as demandas da saúde das mulleres porque non é certo, é unha falsidade.

Unha vez máis o Partido Popular, a Xunta de Galicia da Sra. Farjas, muller, e do Sr. Feijóo ataca aos dereitos dos cidadáns, neste caso das mulleres, é un ataque inxustificado. Eu agardo que vostedes, o conxunto dos membros do Partido Popular acepten esta moción, sobre todo as mulleres.

SRA. VELOSO RÍOS: Dende o Bloque Nacionalista Galego, a muller e os homes que formamos parte do Grupo municipal, imos apoiar esta moción porque

efectivamente estamos completamente de acordo coa necesidade de contemplar as demandas específicas das mulleres en canto á asistencia sanitaria.

Evidentemente a medicina, como todas as ciencias ao longo da historia, tomaron como patrón o patrón masculino, tomaron ao home como medida de todas as cousas e durante moitos séculos as necesidades específicas de saúde das mulleres foron absolutamente ignoradas, non só nas súas patoloxías ou necesidades específicas, senón tamén en como afectan dunha maneira diferente ás mulleres e ós homes e á maioría das patoloxías.

Existen diferencias substanciais nos trastornos que sofren homes e mulleres, factores biolóxicos, sociais, roles ou condutas, diferentes realidades. Por exemplo, agora mesmo o envellecemento da poboación en Galicia e o aumento da dependencia fai que sobre as mulleres recaia un peso específico ao desenvolveren o traballo de coidadoras que provoca unha sobrecarga física, psíquica e emocional. Ademais é certo que fronte esta situación do envellecemento da poboación e o aumento da dependencia, as mulleres seguen ocupándose practicamente de maneira exclusiva destas tarefas cada vez con menos apoios, practicamente nulos agora mesmo por parte da administración autonómica, por parte da Xunta de Galicia, ao eliminaren recursos básicos para a atención á dependencia e polo tanto recaendo de novo sobre as mulleres.

Ademais evidentemente nos últimos anos produciuse un cambio nos modelos reprodutivos que é fundamental. O atraso na maternidade e o aumento das nais en activo, de mulleres que son nais e manteñen o seu posto de traballo, algo cada vez máis complicado, pero o número de mulleres que son nais en activo é cada vez maior. Mulleres mellor informadas, tamén é certo, que queren unha atención diferente, que esixen máis, tamén supón que as administracións teñan que facer fronte a esas demandas. De aí tamén a necesidade dun aumento da eficacia na asistencia perinatal, dunha atención máis humanizada do parto e tamén os cambios na vivencia da sexualidade, os métodos anticonceptivos, o acceso aos abortos que teñen que estar garantidos polas administracións, fan que a asistencia sanitaria pública teña que ir recollendo todas estas demandas.

Aos poucos estas demandas das mulleres foron atendidas e foi mellorándose a asistencia sanitaria, pero o retroceso tan grave que se está sufrindo nos últimos tempos no noso país é realmente preocupante. Evidentemente hai dereitos que

non están garantidos, como o dereito ao aborto, nin o estarán porque xa sabemos que o Partido Popular ten como unha das súas promesas electorais a derogación da Lei do aborto, a Lei de apoio á maternidade que xa aprobou na Xunta de Galicia e ademais as subvencións ás asociacións pro-vida demostran que é este o camiño.

Hai que adecuar os servizos sanitarios, hai que potenciar a atención primaria, evidentemente, pero unha citoloxía nun centro de saúde non é atención integral ás mulleres, non é unha atención preventiva dos problemas xinecolóxicos das mulleres. É necesaria unha atención especializada para as mulleres. Sabémolo ademais as mulleres que asistimos a atención especializada, a estas consultas preventivas porque a citoloxía non é unha proba fundamental, non é unha proba que fagan os xinecólogos en cada unha das revisións; é sinxelamente un filtro que está poñendo a administración para non atender ás mulleres porque a realidade é que non se consegue unha cita especializada en xinecoloxía e tampouco se está conseguindo agora mesmo unha citoloxía en moitos centros de saúde.

A realidade é que os recortes sanitarios están afectando a cuestións básicas. Agora mesmo hai problemas de subministracións graves nalgúns centros de saúde da nosa cidade. En troques de recibir gasas ou xeringas os centros de saúde da nosa cidade están recibindo propaganda do novo hospital de Vigo para intentar convencernos de que é un hospital público. En troques de recibir gasas, só en Coia se recibiron 60.000 folletos de propaganda do novo hospital público. Mentres, os servizos de Pediatría colgan carteis que din “non se atenderán consultas a nenos maiores de dous anos por recortes orzamentarios”, como pasa por exemplo no Centro de Saúde de Tui. O Centro de Saúde de Tomiño pecha polas tardes...

Todos estes problemas tan graves afectan por suposto tamén, e moito, ás mulleres que cando queiran ter fillos despois os teñen que coidar. Non só se trata de dar cartos para convencelas de que os teñan, senón que despois teñen que ser atendidos os fillos e as nais. Agora mesmo a administración autonómica non o está facendo.

SRA. CENDÓN ALONSO: Sinto profundamente como muller, como ben dicía a Sra.

Silva, que os grupos aquí presentes non sexan quen de apreciar a bonanza dos programas que a Consellería de Sanidade puxo en marcha para a atención da muller. Quérolles dicir en primeiro lugar que os programas son preventivos. O máis importante nos programas preventivos e en todos os programas de saúde pública é acadar a cobertura. De nada serve deseñar un magnífico programa se non acadamos a cobertura, todos os protocolos internacionais é o que salientan, o demais sería un fracaso. O importante non é quen os realiza, é a quen se chega.

Sra. Silva, vostede dicía que hai milleiros de mulleres ás que se lles suspendeu unha consulta. Nós non pretendemos chegar a milleiros, pretendemos chegar a todas, á totalidade, ao 100% das mulleres.

Todos os expertos recoñecen que os nosos programas foron axeitados. Fomos a primeira comunidade autónoma que puxo en marcha a vacinación fronte ao papiloma virus. Iso foi un éxito desta Comunidade Autónoma que agora copian os demais. Esa é a medida preventiva máis eficaz para a prevención do cancro de cérvix. Atendéronse moitos programas da muller. A muller está perfectamente atendida na nosa comunidade, dígollo como médico e como muller.

Pero quero falar de dous programas específicos dedicados á muller: o Programa galego de prevención de cancro de mama e o Programa galego de prevención de cancro de cérvix que coido son os que máis lle interesan.

O Programa galego de atención precoz de cancro de mama no que tiven a honra de colaborar nos seus inicios, tiña unha soa preocupación por parte dos profesionais: que conseguíramos acadar a cobertura, era o único que nos esixía Europa, de non a conseguiren sería un fracaso. Percorremos Galicia con aquelas, nestes momentos, obsoletas unidades móbiles e acadamos a cobertura. Neste momento toda Europa loa o máis de 80% de cobertura que temos, é un logro que non conseguiron outras comunidades autónomas. Criticábanos que ao desapareceren as unidades móbiles baixaría a cobertura, nestes momentos continúa subindo, é máis, sobe en comunidades tan illadas como pode ser Vilardevós onde sobe un 8%, ou A Veiga onde sobe un 10%.

Pero coido que a vostede o que máis lle interesa é o Programa de prevención de cancro de cérvix que tamén precisa dunha ampla cobertura para acadar éxito pero o servizo máis accesible para a poboación é a Atención Primaria. Vostede

díxoo, sabía que a miña defensa ía ir por aí porque sabe que temos razón, sabe que o anterior goberno de Touriño tíñao tamén previsto.

Formouse aos médicos de familia, ás enfermeiras e ás matronas precisamente para iso, adestróuselles para que poidan realizar as tomas das citoloxías nos centros de saúde. O resultado das mesmas obtense en días e para todas aquelas patoloxías antes de quince días se lles xestiona unha consulta en atención especializada. Á muller sa non a ten que atender o xinecólogo, tena que atender o médico de cabeceira e é este quen a atende. En quince días a todas as patoloxías se lles xestiona unha consulta preferente, deste xeito se acadan máis beneficios para as usuarias, evítanse desprazamentos innecesarios de mulleres aos hospitais, evítanse agardas innecesarias en medicina especializada deixándoa para o que ten que estar que é a patoloxía e a cirurxía.

Rendibilízase deste xeito o tempo dos xinecólogos o que permite axilizar as listas de agarda, motívase aos profesionais de atención primaria aumentando a súa capacidade de resolución e a súa carteira de servizos, unha demanda que xa ven de antigo como lle poderá dicir o Sr. Rodríguez Escudero do seu grupo. Sobre todo acádase o obxectivo de estender o Programa de detención precoz de cancro de cérvix a todas as galegas.

Voulle ler o que di nunhas declaracións o xefe de Xinecología, D. Carlos López Ramón y Cajal, un home de moito prestixio: “Estamos moi satisfeitos coa posta en marcha deste plan que vai desmedicalizar os procesos como as revisións das xentes sas que non teñen que chegar ao hospital xa que se poden realizar nas consultas de Atención Primaria”.

SRA. SILVA REGO: A que lle fixeron xogar hoxe os seus, Sra. Cendón? Eu sentiríame avergoñada de teren que pasar polo que hoxe tivo vostede que pasar defendendo a esa dereita dos recortes, esa dereita que con esta decisión de suspensión ataca de fronte aos dereitos da saúde de todas as mulleres. Vaia *papelón*, como médica e como muller.

Hai uns días un prestixioso xornalista escribía un artigo que titulaba “O presidente minguante” en referencia ao Sr. Feijóo, minguante pola súa incapacidade para dirixir Galicia. Minguante porque recortaba dereitos, porque só sabe practicar o papel de vítima e porque amosa unha total incapacidade para

tomar decisións. Hoxe nós, o Grupo socialista deste Concello, dicimos que o presidente mingua os dereitos que adquiríramos, o presidente mingua os dereitos sanitarios das mulleres, máis do 50% da poboación.

Vostede e todo o seu grupo convertéronse hoxe en cómplices necesarios dese presidente minguate porque saben que o único fin desta medida é diminuír artificial e arteiramente a lista de agarda xinecolóxica. Arteiramente aínda que o prezo que haxa que pagar sexa expulsar a milleiros de mulleres do dereito á prevención.

Pero nin sequera conseguiron iso porque en marzo de 2009 a lista de agarda xinecolóxica era de 113 días; en setembro deste ano é de 120, aumentou o número de días. Once mil mulleres expulsadas e aumento das listas de agarda. Nin sequera Fraga e os seus conselleiros serían capaces de chegar tan lonxe e caer tan baixo. Dino os profesionais da saúde, os xinecólogos, din que resulta desolador que todo o gañado en tantos anos de loita das mulleres, Sra. Cendón, se destruíse en meses. Vostede e os seus correligionarios, o PP, a dereita, atacan aos dereitos das mulleres brutalmente.

Sra. Cendón, non sei como foi vostede quen de facer esta intervención e de defender unha decisión inxusta, intolerable que ataca aos nosos dereitos. Anos de loita, Sra. Cendón, para acadar que a saúde das mulleres estivese en pé de igualdade co resto da poboación.

Eu dende logo estou moi orgullosa da miña posición, vostede dubído.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Socialista, Sra. Silva Rego, demandando da Consellería de Sanidade a revogación da orde de suspensión das consultas de saúde xinecolóxica, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.2.- (259).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA INSTANDO Á XUNTA DE GALICIA AXUDAS PARA O AEROPORTO DE VIGO. EXPTE. 338/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de outubro, número 338/1101, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“O recente informe da Comisión Nacional da Competencia pon de manifesto que o Aeroporto de Vigo é o que menos axudas recibiu nos últimos catro anos das tres terminais galegas.

No seu proxecto de orzamentos para 2012, a Xunta de Galicia mantén o seu empeño na discriminación á cidade de Vigo ao consignar 1.000.000 de euros para a promoción de voos na terminal de Lavacolla (promoción publicitaria en destinos europeos que operan voos directos a Galicia) e tan só 150.000 euros á terminal viguesa.

Este feito ven afondar na competencia desleal da terminal aeroportuaria de Santiago de Compostela, a cal recibe de xeito sostido e continuada un trato preferente e discriminatorio por parte do executivo autonómico en claro detrimento do Aeroporto de Vigo.

E por isto polo que propoñemos ó Pleno dá Corporación ou seguinte acordo:

Instamos á Xunta de Galicia que estableza para o Aeroporto de Vigo, polo menos, axudas da mesma magnitude que para o Aeroporto de Santiago, ao efecto de evitar a competencia desleal que se está facendo desde o Aeroporto de Santiago coa subvención dunha compañía de baixo custo, financiada cos impostos de todos os galegos.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita moción.

SRA. SILVA REGO: Nos últimos anos estamos asistindo por parte da Xunta de Galicia ao empeño por converter ao aeroporto de Santiago no único grande aeroporto da nosa Comunidade.

En outono do pasado ano no Comité de rutas, o goberno do Sr. Feijóo asignoulle ao aeroporto de Santiago, subvencionado con diñeiro de todos os galegos, voos a Londres, París, Frankfurt, Roma e Palma de Mallorca ao tempo que a Vigo lle asignaba un voo menor a Bruxelas e unha conexión irrelevante con Sevilla. A política do Sr. Feijóo é clara: potenciar, apoiar e lanzar ao aeroporto de Santiago ao que lle asignaba por subvención 350.000 viaxeiros nas devanditas liñas, en tanto que ao aeroporto de Vigo escasamente 9.000.

Diante disto, este goberno municipal demandaba para Vigo que se financiaran os voos de Londres, Frankfurt e Milán e que lle asignara a mesma contía ca Santiago. A negativa da Xunta foi rotunda, irritou e enfadou profundamente á nosa cidade, pero o descaro e a desvergoña non quedou aí, foi máis aló. Propuxéronnos un voo cara Milán e pedíannos 350.000 euros de cooperación para o sacar adiante. Diante da nosa negativa, como lembrarán vostedes, señores do Partido Popular, a Xunta asignoullo gratis a Santiago. O mesmo voo para Vigo 350.000 euros, para Santiago gratis.

A Xunta manexa o vello modelo dunha Galicia centrada na Coruña e Santiago porque é incapaz de entender que apoiar a Vigo é apoiar ao crecemento económico e á modernidade.

Este goberno, consciente da importancia de potenciar a competitividade, contratou o voo cara Londres que foi un éxito, competindo con que cos impostos de todos os galegos, pagado coas subvencións da Xunta, é gratis dende Santiago. E vostedes, señores do Partido Popular de Vigo, calados, apoiando co seu silencio vergoñento a política do Sr. Feijóo contra Vigo.

Pero a actuación non quedou aí, a liña de baixo custe que a Xunta financiou con cifras multimillonarias dende Santiago, fainos competencia desleal tamén con voos cara Madrid e Barcelona, de tal xeito que con diñeiro dos vigueses pagan voos cara esas cidades facendo competencia desleal a Vigo, repito. Vostedes calados, apoiando ao Sr. Feijóo no seu ataque permanente á nosa cidade.

O escándalo continúa, é aínda de maior calado. Agora o sabemos. Vostedes, o Partido Popular, quixeron agochalo como fan con case todo, sen o dicir e de

forma escura asinaron con Ryanair para Santiago un contrato de tres anos operando todos estes voos. Que escándalo! Agora sabemos que a mentira era maior: voos de baixo custe de Ryanair subvencionados pola Xunta voando a París, Frankfurt, Milán, Madrid e Barcelona e vostedes calados apoiando a política de Feijóo contra Vigo.

Este ano é xa un ataque total e frontal: 1.000.000 de euros para Ryanair a Santiago, 150.000 euros para Vigo, cantidade que en transporte aéreo é nada. E vostedes calados apoiando ao Sr. Feijóo contra Vigo. Na súa miopía e ineptitude política, *seguidismo* de Feijóo e de Santiago e Vigo enfrontándose a outra competencia, a de o aeroporto de O Porto.

É imprescindible defendérmonos desas competencias desleais. Decátense. Por iso instámoslles a que defendan esta cidade, a que lle digan ao Sr. Feijóo que o aeroporto de Vigo é estratéxico, que unha gran cidade necesita un grande aeroporto; que ningunha cidade industrial, de negocio, da economía pode non ter un grande aeroporto. Nós queremos que Vigo o teña. Imos seguir apoiando ao aeroporto de Vigo porque é apoiar á cidade, á industria, aos emprendedores, ao crecemento económico. E vostedes seguirán calando apoiando ao Sr. Feijóo contra Vigo.

Agora estou segura de que na súa intervención falarán do divino e do humano e poranse na contra de Vigo. Vostedes só atenden ao Sr. Feijóo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Anteriormente no debate das ordenanzas, a miña compañeira a Sra. Veloso manifestaba a importancia da sensatez en política, de que fagamos política dende a sensatez e non dende a demagogia ou dende o sen sentido. Digo isto porque me parece un auténtico sen sentido o que se está facendo con este tema, tanto por parte do alcalde desta cidade como por parte do Partido Popular que goberna na Xunta de Galicia, un auténtico sen sentido que non está levando a ningures. Coido que estamos facendo o ridículo. En Galicia o goberno do Sr. Rodríguez Feijóo está facendo un auténtico ridículo cun tema tan importante como a planificación do sistema aeroportuario galego. Pero en Vigo tamén se está facendo o ridículo, non hai máis que ver empresarios por un lado que se montan un "*chiringuito*" non sei de que, o alcalde por outro lado, etc. Dende o BNG apostamos pola sensatez e pola racionalidade na política

aeroportuaria galega. Quero lembrar que hai uns anos, cun goberno bipartito da Xunta de Galicia, houbo un acordo das tres cidades galegas, un acordo de Vigo, A Coruña e Santiago patrocinado polos tres concelleiros que daquela exercíamos na Concellería de Turismo das tres grandes cidades con aeroporto. Daquela había un acordo de planificación a medio e longo prazo e unha unanimidade das tres cidades. Ese foi o acordo que se puxo enriba da mesa nada máis chegar a nova secretaria xeral de Turismo do Partido Popular que fixo caso absolutamente omiso a esa planificación consensuada e acordada polas tres cidades, polos que daquela tiñamos as competencias do Concello en materia de Turismo.

A Xunta non quixo iniciar ese camiño e o único que fixo foi un auténtico fracaso e apareceu o que semellaba ía ser a solución de todo, ese famoso Comité de Rotas onde os alcaldes empezaron a entrar, onde ao Concello de Vigo nin sequera se lle permitiu que o daquela concelleiro de Turismo assistira e a solución foi a que foi, unha auténtica desfeita, un auténtico fracaso. Vigo ten menos liñas, tivemos que pagar máis do dobre por ter a liña Vigo-Londres do que se pagou no primeiro momento, 625.000 euros e non hai, nin se lle ve, nin asoma por ningures a sensatez política que nos di que temos que ter un plan racional para as tres terminais galegas, que é un auténtico luxo que unha comunidade, un país como Galicia teña tres aeroportos e non podemos estar continuamente competindo entre eles mentres O Porto efectivamente frétase as mans.

Temos que ir cara un plan complementario dos tres aeroportos e aí si que estamos completamente de acordo coa Sra. Silva, onde se trate por igual ás tres cidades. Un plan complementario reforzado cun verdadeiro servizo de transporte público que una as tres terminais e cunha verdadeira posta en marcha dun tráfico ferroviario de mercadorías que complementa a explotación e a comercialización dos nosos tres aeroportos. Iso é o que a sensatez política di e non, que me perdoen os señores do PSOE, unha moción que di que queremos o mesmo ca Santiago. Isto é un sen sentido, por que non máis? Non se trata de pedir o mesmo de Santiago, trátase de pedir o que esta cidade precisa que é que o seu aeroporto sexa racionalmente planificado dentro do sistema aeroportuario galego.

Sr. Alcalde, por iso nós presentamos unha emenda de substitución á súa moción que di exactamente: "A Corporación municipal do Concello de Vigo esixe da

Xunta de Galicia a presentación dun urxente plano de competitividade dos tres aeroportos galegos que contemple a súa complementariedade e que trate por igual ás tres cidades. Esiximos así mesmo que, paralelamente a este plan, se faga outro para poñer en marcha un modelo de conexión de transporte público entre os tres aeroportos. Instamos tamén á Xunta de Galicia e ao futuro goberno do Estado a que dentro das súas prioridades contemple poñer en marcha un verdadeiro plan de transporte ferroviario de cercanías para a nosa área”.

SR. FIGUEROA VILA: Estou realmente abraiado polas manifestacións da Sra. Silva. Sra. Silva: “José Blanco presenta a nova terminal do aeroporto de Santiago. O conxunto das actuacións supuxo un investimento de máis de 230 millóns de euros por parte do Ministerio de Fomento”. Teño aquí dezaseis páxinas dun medio de comunicación: “Lavacolla gaña altura”. “Lavacolla chega á terminal 2.0”. “A oferta de voos: dez aeroliñas operan rotas directas con catorce destinos domésticos e sete de fóra”. “Foi un traballo de grande envergadura e moita tensión. É un aeroporto de vangarda”, di o Sr. Presidente de AENA, D. Ignacio Lema, “A terminal fíxose en tempo récord e con resultado excelente que beneficiará a toda Galicia”. “Lavacolla baterá este exercicio por segundo ano consecutivo o seu récord de viaxeiros movidos”. “O despegue da terminal do século XXI”. Teño aquí dezaseis páxinas dun medio de comunicación patrocinadas polo Ministerio de Fomento.

Isto é o que se chama traballar en detrimento do aeroporto de Peinador porque supoño que esas instalacións serán para avións e non para paxaros. Pero o máis grave de todo: “O aeroporto de Vigo estrea aparcadoiro” e a publicidade é do aeroporto de Santiago. Ata se equivocan coa publicidade do aeroporto, sae no xornal e o publican como se fose o aeroporto de Santiago. Equivocáronse porque estaban pensando en Santiago. Esta é a clara conclusión do traballo que están facendo vostedes, favorecendo ao aeroporto de Santiago dun xeito moi claro en detrimento do aeroporto de Vigo.

Con respecto ás subvencións. No ano 2007 cando gobernaba o bipartito se lle prometeu a Vigo unha serie de subvencións e tivo que ser a actual Xunta quen tivo que pagar as débedas de 2009 con Vueling que se estableceran dende o propio Concello. En canto ás subvencións do ano 2011 foron: Santiago, 882.000

euros. A Coruña, 1.038.000 euros. Vigo, 1.250.000 euros. Estes son datos certos e reais.

Sr. Alcalde, o problema que teñen vostedes é que tiñamos un millón e medio de pasaxeiros e dende que vostede está ao fronte desta cidade non imos acadar o millón de pasaxeiros. Iso quere dicir que vostede non xestionou diante das administracións oportuna e correctamente a maneira de potenciar o aeroporto de Peinador. Boicoteou vostede un Comité de Rotas constituído por AENA, calquera tipo de decisión que se queira tomar dende calquera administración ou institución, vostede boicoteaa. Así non se pode traballar, é totalmente imposible. Non se pode illar á cidade, Sr. Alcalde, non se pode estar en enfrontamento permanente con todas as administracións. Aquí hai que colaborar, buscar o diálogo e o consenso coas demais administracións para sacar adiante os proxectos. Esa debería ser a maneira de actuar dun alcalde.

Supoño que a vostede non lle satisfai que o aeroporto de Peinador non pase do millón de pasaxeiros. Polo tanto dende o Partido Popular aconsellámoslle que tente xestionar do mellor xeito, buscando diálogo e consenso con todas as administracións para traballar todos na mesma dirección. Esa é a única maneira posible de sacar adiante a situación caótica na que se atopa o aeroporto de Peinador.

Sr. alcalde, é totalmente imposible que vostede non fixera ningunha xestión para que se consoliden voos a curto, medio e longo prazo. Nós dixémolo por activa e por pasiva. Temos antecedentes do que se fixo con Air Europa, do que se fixo con Air France, que se consolidaron voos e rotas logo de tres anos das implantar. Esa é a liña que temos que seguir. Vostede ao igual que nós sabe perfectamente que coas liñas de baixo custe hai que intentar conseguir obxectivos a curto prazo porque ao final as liñas nos chantaxean e nos deixan na estacada.

Sr. Alcalde, propoñémoslle que dunha vez por todas dende este Concello se nos presente ese plan estratéxico que vostede prometeu firmemente e empecemos a traballar todos na mesma dirección. Todos unidos buscando o consenso e acordos con outras administracións, con liñas aéreas e tendo claros os obxectivos que persegue o aeroporto de Peinador.

SRA. SILVA REGO: O actual ministro de Fomento inviste no aeroporto de Vigo

como xamais se investiu na historia desta cidade. Houbo dous grandes etapas de investimentos no aeroporto de Vigo, unha cando foi ministro o actual alcalde de Vigo, D. Abel Caballero, a outra agora co ministro D. José Blanco. Tamén houbo unha época de cero investimentos, a época do Sr. Aznar que houbo cero euros de investimento neste Concello. Remítome aos orzamentos que están colgados nas páxinas web do Congreso e do Senado. Vaia vostede e estúdeos que coido que cada vez lle fai máis falta.

Houbo corenta millóns de investimentos nun aparcadoiro que era unha gran demanda: 2.500 prazas; unha nova terminal xa en construción proxectada por un gran arquitecto cun custe de 60 millóns e para case catro millóns de pasaxeiros; unha nova plataforma, todos os alleamentos que garanten o Plan Director xa feitos. De que me fala vostede? De máis de cen millóns do goberno de España fronte 150.000? Fálame destes datos que teño do investimento do goberno de España en Vigo? Esta miniatura azul vergoñenta que lles amoso é o seu investimento.

Sr. Figueroa, non se como ousa vostede dicir o que dixó, non sei como segue vostede formando parte dese Grupo municipal do Partido Popular, do dos calados, do grupo que se cala fronte Feijóo, o que fai *seguidismo*, o que xamais defende a Vigo. Fixérono con Caixanova, o gran roubo de Feijóo á nosa cidade, fixérono coa depuradora, fano acotío.

Lémbrolle, Sr. Figueroa, que o Comité de Rotas presídeo o conselleiro da Xunta de Galicia do Partido Popular. Como vostedes están cazados porque os orzamentos falan por si mesmos, eses 150.000 euros, veñen agora aquí con mentiras. Sr. Figueroa, deixen de estaren calados, deixen de formar parte da procesión dos caladiños, defendan á cidade.

Sr. Domínguez, o alcalde de Vigo o que fai é defender á cidade. Iso non é facer o ridículo, iso é obrigado e este Grupo Socialista vai estar detrás del sempre para defender á cidade. En todo caso coido que a emenda que vostede presenta é sensata e imos admitila. Pídolle que sexa como adición, que manteñamos a nosa proposta e engadamos a súa porque a ven completar.

En todo caso, Vigo por riba de todo.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, preséntase a súa emenda como de

adición?

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Si, porque hai distintas maneiras de defender Vigo e o que eu acabo de dicir tamén é unha delas, non hai exclusividades na defensa de Vigo. Nós imos engadir esta emenda que evidentemente mellora, e agradezo as súas verbas, a forma de facer e a sensatez se contempla con esta adición.

Emenda de adición que presenta por escrito de data 31 de outubro, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira:

A Corporación Municipal do concello de Vigo esixe da Xunta de Galicia a presentación urxente dun plano de competitividade dos tres aeroportos galegos, que contemple a súa complementariedade e que trate por igual ás tres cidades.

Esiximos así mesmo que, paralelamente a este plan, se faga outro para poñer en marcha un modelo de conexión de transporte público entre os tres aeroportos.

Instamos á Xunta e ó futuro Goberno do Estado que dentro das súas prioridades contemple poñer en marcha un verdadeiro Plan de Transporte Ferroviario de Cercanías para a nosa area.”

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN DA EMENDA DE ADICIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro, acórdase aprobar a emenda de adición transcrita anteriormente.

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez,

Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce votos en contra dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Instar á Xunta de Galicia que estableza para o Aeroporto de Vigo, polo menos, axudas da mesma magnitude que para o Aeroporto de Santiago, ao efecto de evitar a competencia desleal que se está facendo desde o Aeroporto de Santiago coa subvención dunha compañía de baixo custo, financiada cos impostos de todos os galegos.

Segundo.- A Corporación Municipal do concello de Vigo esixe da Xunta de Galicia a presentación urxente dun plano de competitividade dos tres aeroportos galegos, que contemple a súa complementariedade e que trate por igual ás tres cidades.

Terceiro.- Esiximos así mesmo que, paralelamente a este plan, se faga outro para poñer en marcha un modelo de conexión de transporte público entre os tres aeroportos.

Cuarto.- Instamos á Xunta de Galicia e ó futuro Goberno do Estado que dentro das súas prioridades contemple poñer en marcha un verdadeiro Plan de Transporte Ferroviario de Cercanías para a nosa area.”

5.3.- (260).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA SOLICITANDO INSTAR Á XUNTA DE GALICIA E AO GOBERNO DE ESPAÑA QUE A CIDADE DE VIGO SEXA INCLUÍDA NA REDE TRANSEUROPEA DE ALTA VELOCIDADE FERROVIARIA. EXPTE. 339/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de outubro, número 329/1101, o voceiro do Grupo municipal Socialista, Sr. López Font, formula a seguinte moción:

“A Comisión Europea ven de facer pública a revisión da Rede Transeuropea de Transporte (RTE-T), considerando como prioritario o Corredor Atlántico que dá servizo a Vigo e a Galicia. Pese a estar Vigo incluída na rede española de Alta Velocidade de pasaxeiros, nas súas conexións con Santiago e con Ourense-Madrid por Cerdedo, a primeira cidade de Galicia quedouse fóra do novo mapa europeo, o que é inadmisíble e intolerable.

O alcalde de Vigo xa anunciou o compromiso adquirido polo Ministerio de Fomento para instar á Comisión Europea a subsanar a ausencia de Vigo pola vía administrativa da corrección de erros, mais este Concello debe permanecer vixilante. Na proposta de Fomento ante Europa, Vigo figuraba na conexión O Porto-Vigo-Ourense-Madrid, pero o Goberno de Portugal solicitou a Europa non incluír o treito O Porto-Vigo e a Comisión Europea eliminouno.

Por outra banda, a devandita Rede Transeuropea de Transporte non considerou ao porto de Vigo como central, nó que situou en A Coruña, un erro de vulto que amosa un total descoñecemento da realidade portuaria galega e española, pois a terminal que proporciona o transporte terrestre en Galicia é a de Vigo.

Por todo o dito, o grupo municipal do PSdeG-PSOE solicita ao Pleno da Corporación a aprobación do seguinte acordo:

O Pleno do Concello de Vigo insta á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a que Vigo, que se atopa dentro das redes españolas de Alta Velocidade no traxecto Vigo-Ourense (por Cerdedo)-Madrid, sexa incluída na rede transeuropea de alta velocidade ferroviaria. Do mesmo modo, ínstase tamén ao Goberno de Portugal a que inclúa nesa mesma rede europea o tramo ferroviario O Porto-Tui.

Ao mesmo tempo, o Pleno do Concello de Vigo demanda da Unión Europea que refaga os seus estudos sobre a rede portuaria europea para percibir a importancia da terminal viguesa no transporte de mercadorías e de pesca e que sexa incluída como nó central de transporte marítimo e terrestre.”

A comisión informativa de Xestión Municipal e Mobilidade, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita moción.

A Presidencia propón o debate conxunto das mocións do Grupo Socialista e do Grupo Popular, puntos 5.3 e 5.4 da orde do día, pola similitude do seu contido. A proposta acéptase polos grupos políticos.

DEBATE.- SR. LÓPEZ FONT: Dende o Grupo municipal Socialista presentamos esta moción sobre dous temas moi concretos en relación coa rede transeuropea de

transporte; o tema da conexión ferroviaria e a situación do Porto de Vigo. Esta moción obedece ao compromiso do alcalde manifestado o 19 de outubro, o mesmo día no que na Unión Europea fixo públicos os mapas e a situación en relación co transporte e co Porto. Evidentemente ao coñeceren esta nova non nos gustou a non inclusión de Vigo e por iso contou co rexeitamento absoluto do alcalde expresado de inmediato, nada máis coñecerse a exclusión de Vigo da alta velocidade e a relativa ao Porto de Vigo.

O alcalde dende o primeiro momento manifestou o seu absoluto rexeitamento, dirixiuse por carta tanto ao presidente do Goberno, coma ao ministro de Fomento solicitando a rectificación deste pronunciamento. Tamén propuxo a convocatoria do Eixe Atlántico e ese mesmo día propón que este Pleno na súa próxima sesión, que é a de hoxe, se pronuncie sobre estes aspectos. Evidentemente hai unha diferenza entre o Partido Socialista e o Partido Popular que só reaccionou logo do facer o Partido Socialista. Conséguese o obxectivo. O Ministerio de Fomento admite que a exclusión de Vigo é un erro de Bruxelas e neste sentido o único que vale son os mapas do corredor atlántico no modo de ferrocarril.

Esta é a realidade coñecida por todos os cidadáns na que Vigo está conectada por AVE a través de Cerdedo con Madrid, no mapa que lle amoso e que é do Ministerio de Fomento do goberno de España, que recoñece o AVE a Vigo por Cerdedo, mesmo se inclúe o investimento de 3.770 millóns de euros.

Nese contacto que o alcalde tivo co ministro comprobouse o erro técnico que se debe a un erro porque en principio o goberno portugués fai decaer a conexión entre O Porto e Vigo, feito co que ten moito que ver o Partido Popular e que así o debería recoñecer, porque o 1 de setembro o Sr. Rajoy entrevistouse co presidente da República Portuguesa e recoñece e admite que poida decaer a conexión entre O Porto e Vigo e non defende Vigo nin esa conexión con Portugal, nin defende a España.

Está absolutamente demostrado que Vigo está na Rede española de alta velocidade, que está no seu mapa, que está tamén na Rede europea e polo tanto a "L" real que hai en Galicia é a conexión Ourense-Vigo directa Santiago-A Coruña.

Mención á parte merece o tema relativo ao Porto de Vigo. Non compartimos, coma así manifestou o alcalde, o criterio de Europa de toneladas porque

desvirtúa moito cal é a realidade de cada porto. Fronte portos como o de Xixón, A Coruña e Sevilla que, se ben é certo que teñen un número determinado de millóns de toneladas que superan ao Porto de Vigo, non é menos certo que realmente o porto nodal de Galicia é o Porto de Vigo porque ten 4,3 millóns de toneladas, pero 3,4 son de mercadoría xeral. Por poñer un exemplo na Coruña a proporción é de 13 millóns e menos de unha tonelada de mercadoría xeral.

Polo tanto o tráfico do Porto de Vigo é o que xera mercadoría con valor engadido, é o que xera economía, transporte por estrada e xera unha mercadoría valorada en 12.000 millóns de euros e por iso que Vigo debe ser o porto nodal en Galicia, é o nodo principal e quero xa sinalar, seguro que diante da demagogia e as terxiversacións do Partido Popular, que o feito público é un documento provisional que se emendará, segundo recoñeceu o ministro de Fomento, pola vía de corrección de erros e que se ben é certo que este documento se está debatendo, non é menos certo que será debatido definitivamente no ano 2014.

Será nese ano cando en base ao estudo que xa encargou de inmediato e que facía público o alcalde sobre a mercadoría do Porto de Vigo, demostrárase que realmente o porto que xera economía en Galicia é o de Vigo. O alcalde está levando a cabo a maior colaboración institucional e proba diso é o apoio manifestado no Consello de Administración do Porto de Vigo.

SR. FIGUEROA VILA: Logo da intervención do Sr. López Font quedamos aínda máis preocupados porque di que esta decisión se tomará no ano 2014.

Que o maior porto pesqueiro de Europa e o cuarto máis exportador de España, por citaren só dous rexistros do Porto de Vigo, quede sen a conexión da Rede europea de mercadorías parécenos moi grave, pero o que vostede acaba de dicir agora, Sr. López Font, parécenos aínda máis grave: que esta decisión se vai tomar no 2014.

No xornal “La Vanguardia” dise: “Europa elixe o Mediterráneo” e vese a foto do Sr. Mas co Sr. Blanco. “A hora do Mediterráneo” e aparecen todos os mapas onde se contempla todo o Mediterráneo e onde Vigo por suposto non está. “Pelexa por se subir ao tren”, e brindan con champaña. Coido que a seguinte nova é moi boa: “Mas preside ao carón de Blanco unha correcta pero fría celebración institucional brindando con champaña”. É curioso que o Sr. Blanco que é un ministro galego

ao que nós respectamos moito, vaia Cataluña brindar con champaña, a dicir que é a hora do Mediterráneo, que España prevé investir non sei cantos millóns en cinco corredores ata o 2020 dentro dos que non está Vigo e que os catro presidentes do Eixo entoan o “un para todos”. Isto é o que vostedes lle acaban de dar a Vigo, a discriminación do Porto de Vigo dentro do corredor ferroviario de transporte de mercadorías.

Sr. López Font, falou vostede de se nós actuamos antes ou despois. Nós actuamos cando coñecemos o documento que vai contra dos intereses da nosa cidade e agardamos que se corrixa. Por iso nós non queremos esperar ao 2014, consideramos que esta corrección a hai que facer inmediatamente se é un erro, que non o é. O erro é o que vostedes agora están tentando trasladar xa que saben que se discriminou a Vigo dunha maneira clara e contundente a través do Ministerio de Fomento coas infografías que dende ese Ministerio están trasladando a todos os medios de comunicación.

Pero se vostede colle todos os medios de comunicación de España, os de Galicia e os de Vigo, dunha maneira contundente e clara decatarse de que ese corredor ferroviario deixa apartado totalmente ao Porto de Vigo, á cidade de Vigo. Iso parécenos unha discriminación do Partido Socialista moi grave para con esta cidade e parécenos que xa tiña que estar corrixida. Como pode dicir vostede que imos agardar ao período de alegacións, para o ano 2014 en que se tomará esa decisión? Acaba vostede de dicir iso no Pleno e é moi grave, Sr. López Font, porque, temos que agardar dous anos e medio máis e fiármonos de vostedes? Por sorte xa non estarán gobernando, esa é a sorte que vai ter Vigo, Galicia e España.

Eu quédome única e exclusivamente con estes titulares de “La Vanguardia”: “Chegou a hora do Mediterráneo”. Quen queira pode facer fotocopias. “Pelexa por se subir ao tren. Brinde con champaña”. No Partido Socialista están moi habituados ao brinde con champaña e logo que os proxectos queden totalmente paralizados e apartados.

En definitiva, creo que esta si que é unha actitude vergoñenta para coa nosa cidade. Agardamos que se corrixa. Non imos entrar en máis demagoxias, temos claro que hai que corrixir este tema o máis axiña posible.

SR. ALONSO PÉREZ: Efectivamente hai moito tempo que para o PSOE e para o PP chegou a hora do Mediterráneo.

Coido que xa nos podemos ir preparando para o espectáculo. Xa estamos en eleccións e vai chegar o circo das promesas unha vez máis. Rajoy acaba de quentar motores na Coruña e acaba de dicir que nos vai facer felices a todos e a todas. Xa empezan así. Ademais anuncia que o día 15 ven a Vigo, e Rubalcaba tamén virá e poranse os dous a facer promesas.

Eu xa adianto e aseguro aquí que van dicir que imos ter AVE Vigo-Ourense por Cerdedo e ao mellor no 2011 non dá tempo, pero a primeiros de 2012, seguro. Vannos prometer AVE Vigo-O Porto, que Vigo vai ser nodo prioritario de transporte marítimo-terrestre. Iso si, se lles votamos. Se lles votamos teremos todo iso. Logo pasa o día 20 e como sempre “se te vin, non me lembro”.

Se facemos un pequeno repaso das promesas do Partido Popular e do Partido Socialista en materia de infraestruturas dá para chorar. O goberno do Partido Popular prometíanos alta velocidade Vigo-Pontevedra no 2007. Logo veu o PSOE e pasouna a 2010. Logo de varias dilacións e reformas pasárona a 2012. Seguimos agardando. Iso que a deputada nas cortes do BNG, que non promete e traballa, Olaia Fernández Davila, a través de emendas conseguiu aumentar as partidas.

Para a entrada do AVE galego iso é tremendo. O Sr. Aznar, que como saben foi un grande contribuidor á crise do Estado, ventilou todas as empresas rendibles eléctricas e telefónicas para darllas á banca. Esa foi a contribución do Sr. Aznar á crise. Este señor dicía que o AVE entraría en Galicia no ano 2009. Coa entrada de Zapatero tamén se mantiña esa data de entrada do AVE. Logo comezaron os atrasos.

Pero o problema máis grave foi cando se xuntaron os dous, o Partido Popular e o Partido Socialista a prometeren e foi unha festa. Lembran no pacto do Obradoiro a Núñez Feijóo e a José Blanco: AVEs inmediatamente para todos, alí repartían, dicían que no 2011 empezaba non sei que AVE, no 2012..., tanto repartían que ata un convidado, o Sr. Alcalde de Vigo, declaraba: “O alcalde vigués lembrou o seu pulso para que se construíse o ramal por Cerdedo” e dicía: “É evidente que xa o arranxamos”.

Logo viñeron todos os incumprimentos do pacto do Obradoiro e chegamos ao día

de hoxe en que o Sr. Blanco di: “Vigo terá AVE directo se siga de ministro”. Ou sexa, non hai AVE directo a Vigo. Os señores do PP que rin estalle preparando o camiño a Rajoy dicindo que aquilo do pacto do Obradoiro foi porque sabían que coa reforma constitucional non hai fondos para cumprir os compromisos.

Así estamos. Eu digo, non é que o Partido Socialista e o Partido Popular nos teñan manía aos galegos e ás galegas. Non é esa a razón, a razón dicíaa antes o Sr. Figueroa pero a dicía para o Partido Socialista. Galicia non é prioritaria para o Partido Popular ou para o Partido Socialista. Para o Partido Popular e para o Partido Socialista Galicia non conta nunca. Cando se aprobou o presuposto nos orzamentos do Estado (o Sr. Figueroa ao mellor non o sabe porque polo que se ve sabe pouco) foi porque se incluíu un 8% do orzamento de todo o Estado para Galicia gracias á presenza do BNG nas Cortes, xa que a presenza do PP e a do Partido Socialista non lle serve a Galicia para nada e ademais isto sempre foi así. “O ferrocarril galego ten unha longa historia que sangra inxustiza”, dicía Castelao o 23 de maio de 1933. Xa Castelao nesa época tiña que facer referencia á inxustiza.

Como posición de voto digo que imos votar a favor pero tamén que a exclusión de Vigo non foi un erro, foi pola falla de compromiso da Xunta e do Estado con Galicia.

SR. LÓPEZ FONT: Galicia si conta para os socialistas, si conta para o goberno de España, si conta para o ministro Blanco que demostrou a súa preocupación por esta cidade e fíxoo con realidades, non con promesas. As tuneladoras están entrando nesta cidade; o aeroporto sufriu unha transformación total e aí está o aparcadoiro; a ampliación de Rande é unha realidade e está no Boletín Oficial do Estado. O gran investimento que se fixo en Galicia por riba do 8% nos orzamentos xerais do Estado só ten un actor que é o goberno de España que sempre se preocupou pola cidade de Vigo.

Quero lembrar que cando esta cidade perdeu a “L” ferroviaria do AVE o alcalde desta cidade era Lois Pérez Castrillo e esta cidade só recuperou o AVE, a conexión directa e o AVE nas mesmas condicións que outros territorios sendo alcalde de Vigo Abel Caballero. Isto é moi importante.

Sr. Figueroa, non trate de confundir co que eu dixen. Eu dixen o que dixen:

corrixirase de inmediato vía corrección de erros este trato que se lle deu a Vigo, de inmediato. Eu dixen que a aprobación definitiva sería no 2014, non trate de confundir, sóbralle un minuto e pico porque non ten argumentacións.

Pode sacar todos os recortes de prensa que queira, pero eu tamén: “A UE considera prioritario o corredor atlántico”, “Fomento corrixirá o maltrato a Vigo de inmediato”. Coido polo tanto que non debe confundir e non sei que argumentación pode manter vostede porque na súa moción non está incluído o Porto de Vigo, non está incluída a reivindicación do AVE O Porto-Vigo porque o 1 de setembro, como lle dicía antes, o Sr. Rajoy diante do presidente da República Portuguesa, claudicou en contra dos intereses de Vigo.

O alcalde é o único que realmente defende a esta cidade. Sr. Figueroa, a aposta do alcalde polo AVE foi saldada con que teñamos unha conexión directa. A aposta do alcalde polo porto saldarase coa colocación onde lle corresponde. É o alcalde quen lidera a defensa global desta cidade. Vostedes o único que lideran é o abandono, o pesimismo e a falla de compromiso. Vostedes só serán cribles o día que lle esixan a Rajoy que realmente se preocupe por esta cidade.

SR. FIGUEROA VILA: Estanse desviando sempre de todos os temas, non queren entrar neles, pero nós imos seguir insistindo.

Alégrame e dáme satisfacción que neste Pleno xa se recoñeza que o Sr. Rajoy vai ser o presidente de España, xa dixo vostede agora que lle pidamos ao Sr. Rajoy, tamén o acaba de dicir o representante do BNG e coido que é importante que iso estea no ambiente porque sempre xera certo optimismo.

Sr. López Font, o único que nos preocupa é que collemos os mapas e Vigo está fóra deles. Preocúpanos que isto se corrixa e non como di vostede no 2014, que se corrixa inmediatamente, xa, porque coido que se está creando unha opinión que é negativa para o Porto de Vigo, para a cidade de Vigo e para todo o corredor ferroviario de Galicia. Pedimos que se corrixa inmediatamente e que este tipo de situacións non volvan ocorrer coa cidade de Vigo.

Sorpréndenos moito que o Sr. Blanco poida ir a Cataluña facerse esta foto que antes mostrei. Coido que isto si que é un agravio aos vigueses, unha discriminación aos galegos, un insulto á cidadanía de toda a nosa terra. Parécenos que é grave que, coñecendo a situación, poida saír sobre todo na foto

do champaña que nesta cidade trae tan malos recordos dalgúns proxectos que aínda seguen enriba da mesa sen se desenvolver e polos que todos saben que se brindou con champaña neste Concello.

Xa non interveño máis porque vexo que non hai educación, non hai respecto, non o queren ter. Están moi nerviosos. Nós dende logo estamos moi tranquilos.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN E ACORDO: Con catorce votos a favor dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, señores e señoras Abelairas Rodríguez, Díaz Vázquez, Fernández Pérez, Lago Rey, López Font, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG, señores e señora Alonso Pérez, Domínguez Olveira e Veloso Ríos, e doce abstencións dos membros do Grupo municipal Popular señores e señoras Álvarez Pérez, Araújo Pereira, Beiro Diz, Bernárdez de Dios, Bravo Bosch, Cendón Alonso, Egerique Mosquera, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira e Relova Quinteiro,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Socialista, Sr. López Font, solicitando instar á Xunta de Galicia e ao goberno de España que a cidade de Vigo sexa incluída na rede transeuropea de alta velocidade ferroviaria, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

5.4.- (261).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO ESIXIR AO MINISTERIO DE FOMENTO A INCLUSIÓN DE VIGO NA REDE TRANSEUROPEA DE TRANSPORTES COMO NÓ FERROVIARIO PRIORITARIO. EXPTE. 342/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de outubro, número 342/1101, o voceiro do Grupo municipal do Partido Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“Como ben é sabido, o pasado 19 de outubro, fíxose pública a decisión da Comisión Europea sobre a nova distribución da rede europea de transporte.

Nelaponse de manifesto a exclusión de Vigo, como centro nodal de transporte, xa que non aparece nin como corredor ferroviario prioritario (tanto de viaxeiros como de mercancías), nin como porto principal na rede europea de transporte, quedando relegada en ambos casos a un centro secundario de transporte, en contraposición coa cidade e o porto da Coruña, que si aparece como nó principal.

Esta decisión, tomada polos 27 membros da Comisión Europea tras anos de debate e acordos entre os distintos países membros, deixa á nosa cidade nunha situación moi preocupante, afastada de todas as redes principais de comunicación e por tanto competitividade.

Nuns momentos en que a cidade, vive un período de total incerteza (máis de 30.000 parados, problema do *tax lease* no sector naval, parón urbanístico dende hai catro anos, caída vertixinosa do Aeroporto de Peinador), súmase esta decisión que non fai máis que confirmar o illamento tanto nacional coma internacional da nosa cidade.

O silencio do Ministerio sobre o particular e os seus intentos por confundir á opinión pública con basto troco dos planos presentados pola Comisión Europea, parécenos vergonzosos e amosan o pouco respecto do Ministerio coa nosa cidade, ó mesmo tempo que poñen de manifesto o nulo peso político do Abel Caballero no conxunto do Estado.

O PP non vai tolerar esta afronta do PSOE coa cidade de Vigo e vai formular todas as iniciativas ó seu alcance para que a primeira cidade de Galicia recupere o seu status, tanto a nivel autonómico, como nacional e europeo.

Por todo isto o grupo municipal do PP propón ao goberno municipal que adopte o seguinte acordo

Esixir do Ministerio de Fomento do goberno de España que de xeito inmediato se dirixa á Unión Europea, co fin de que a cidade de Vigo apareza incluída na rede transeuropea de transportes como nó ferroviario prioritario.”

A presente moción debateuse xuntamente coa presentada polo Grupo Socialista relativa ao mesmo tema, figurando transcrito o referido debate no punto anterior da acta.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, instando esixir ao Ministerio de Fomento a inclusión de Vigo na rede transeuropea de transportes como nó ferroviario prioritario, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

6.- ASUNTOS URXENTES.

Non se presentaron.

PARTE DE CONTROL

1.- TOMA DE COÑECEMENTO DOS ACORDOS OU RESOLUCIÓNS DOUTROS ÓRGANOS MUNICIPAIS OU DE INFORMES OU ESCRITOS QUE ASÍ O REQUIRAN.

1.1.- (262).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas pola Alcaldía-Presidencia, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de setembro e 27 de outubro de 2011.

1.2.- (263).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS ASINADAS POR CONCELLEIROS/AS DELEGADOS/AS.

Dáse conta ó Pleno da Corporación das resolucións asinadas polas concellerías delegadas, entregadas na Secretaría Xeral do Pleno para a súa incorporación ó correspondente Libro de Resolucións, entre as datas 22 de setembro e 27 de outubro de 2011.

1.3.- (264).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO 07.10.2011, DE DELEGACIÓN DA COMPETENCIA PARA A APROBACIÓN DOS PADRÓNS FISCAIS DOS DISTINTOS TRIBUTOS MUNICIPAIS NA CONCELEIRA DE ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 7 de outubro de 2011, ditou a seguinte resolución:

“Mediante resolución de data 13.06.2011, esta Alcaldía acordou a estruturación das distintas áreas executivas do equipo de goberno e delegou diversas atribucións, sen prexuízo das correspondentes modificacións. Así mesmo, por resolución da mesma data, procedeu a delegar competencias na Xunta de Goberno Local ao abeiro do disposto no artigo 124.5 LRBRL.

Considerando o disposto no informe-proposta de data 3 de outubro de 2011, expediente 1701/500, da Dirección de Ingresos conformado pola concelleira delegada de Economía e Facenda en relación coa solicitude de delegación de competencias para a aprobación dos padróns fiscais dos distintos tributos municipais na concelleira delegada de Economía, Facenda e Educación, en aras dos principios de economía e eficiencia que presiden a xestión tributaria.

Considerando que a ditos efectos resulta necesaria a modificación dos decretos anteriormente citados, en execución das competencias atribuídas a esta Alcaldía polo artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, e de conformidade co sinalado nos artigos 43 e seguintes do RD 2568/1986, do 28 de novembro,

RESOLVO

Primeiro.- Avocar a competencia para a “*aprobación dos padróns fiscais dos distintos tributos municipais*” establecida no apartado l.c) do decreto de delegación de competencias do Alcalde na Xunta de Goberno Local de data 13.06.2011, toda vez que a competencia da Xunta de Goberno Local esténdese á toma de razón dos padróns fiscais aprobados previamente, conforme ao artigo 63.2 da ordenanza fiscal xeral.

Segundo.- Delegar na concelleira de Economía, Facenda e Educación a competencia para a “*aprobación dos padróns fiscais dos distintos tributos municipais*” e, en consecuencia, modificar o decreto de delegación de competencias do Alcalde nos distintos concelleiros delegados de Área do 13.06.2011, que podería quedar redactado do seguinte xeito:

“III.- ÁREA DE ECONOMÍA, FACENDA, PATRIMONIO E EDUCACIÓN,

corresponderanlle as atribucións que, a continuación se citan:

a) *En materia de Economía e Facenda:*

...
14.- A aprobación dos padróns fiscais dos distintos tributos municipais.”

Terceiro.- Notificar a presente resolución á concelleira delegada de Economía, Facenda e Educación e á Dirección de Ingresos, dando conta á Xunta de Goberno Local.

Cuarto.- A presente resolución entrará en vigor no mesmo momento da súa sinatura sen prexuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, conforme ó establecido no art. 44.2 do RD 2568/1986.

Quinto.- Da presente resolución de conformidade co establecido no art. 44.4 do RD 2568/1986, en relación co 38.d) do mesmo corpo legal, darase conta de forma individualizada ó Pleno da Corporación ós efectos de que quede decatado da mesma.”

Do anterior a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

1.4.- (265).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA DO 13.10.2011, DE NOMEAMENTO DE VICEPRESIDENTES DAS COMISIÓNS DO PLENO.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 13 de outubro de 2011, ditou a seguinte resolución:

“Examinadas as propostas que con data 18 de xullo de 2011 formulan as distintas comisións do Pleno co obxecto de que por esta Alcaldía se proceda ao nomeamento dos vicepresidentes das mesmas, esta Alcaldía, en virtude do sinalado no artigo 48.b) do regulamento orgánico do Pleno,

RESOLVE:

Primeiro.- Nomear como vicepresidentes das comisións informativas do Pleno aos seguintes concelleiros/as:

COMISIÓN DE XESTIÓN MUNICIPAL E MOBILIDADE:
D^a M^a José Bravo Bosch

COMISIÓN DE FOMENTO:
D. Cayetano Rodríguez Escudero

COMISIÓN DE EMPREGO E PARTICIPACIÓN CIDADÁ:

D. Cayetano Rodríguez Escudero

COMISIÓN DE MEDIO AMBIENTE, XUVENTUDE E IGUALDADE:

D. Cayetano Rodríguez Escudero

COMISIÓN DE ECONOMÍA, FACENDA E EDUCACIÓN:

D^a Isaura Abelairas Rodríguez

COMISIÓN DE INDUSTRIA, COMERCIO, TURISMO E PEMEs:

D. Angel Rivas González

COMISIÓN DE POLÍTICA SOCIAL, CULTURA E DEPORTES:

D^a Iolanda Veloso Ríos

Segundo.- O vicepresidente da comisión substituirá ao presidente efectivo nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade. Nos supostos de vacante, ausencia, enfermidade ou impedimento do presidente e vicepresidente de cada unha das comisións permanentes do Pleno, a presidencia será asumida polo membro titular do mesmo grupo político ao que pertenza o presidente, atendendo á orde do seu nomeamento na respectiva comisión, exceptuando ao voceiro de dito grupo político.

Terceiro.- Notificar a presente resolución aos distintos interesados e aos secretarios delegados de cada comisión.

Cuarto.- Darase conta desta resolución ao Pleno da Corporación na primeira sesión ordinaria que se realice.”

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

1.5.- (266).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE DELEGACIÓNS TEMPORAIS DE COMPETENCIAS:

a) Do 27.09.11 na Área de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 27 de setembro de 2011, ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia da concelleira D^a Raquel Díaz Vázquez, os días 28 e 29 de setembro, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no art. 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no art. 43 e seguintes do

S. Ordinaria 31.10.11

RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización , funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Delegar no concelleiro D. Santos Hector Rodríguez Díaz, os días 28 e 29 de setembro, as atribucións outorgadas na concelleira delegado de Economía e Facenda, Patrimonio e Educación, en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011, de acordo ao contido do apartado segundo, III, da mencionada resolución.”

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

b) Do 27.09.11 na Área de Cultura, Festas e Política de Benestar.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 27 de setembro de 2011, ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia da concelleira delegada de Cultura, Festas e Política de Benestar, D^a Isaura Abelairas Rodríguez, dende os días 1 ao 23 de outubro, ambos incluídos, e en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no art. 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no art. 43 e seguintes do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

1.- Delegar no concelleiro D. Carlos López Font, do 1 ao 23 de outubro, ambos incluídos, as atribucións outorgadas na concelleira delegado de Cultura, Festas e Política de Benestar, en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011, de acordo ao contido do apartado segundo, IV, da mencionada resolución.

2.- Da presente resolución deberá darse conta ao Pleno da Corporación na próxima sesión que teña lugar.”

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia dá conta ao Pleno da Corporación.

c) Do 05.10.11 na Área de Distritos, Parques e Xardíns e Limpeza.

ANTECEDENTES.- A Alcaldía-Presidencia, por decreto de data 5 de outubro de 2011, ditou a seguinte resolución:

“Con motivo da ausencia do concelleiro de Distritos, Parques e Xardíns e Limpeza, D. Angel Rivas González, dende o día 8 ata o 13 de outubro de 2011, en uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía-Presidencia no art. 124.4 da Lei 7/1985, e de conformidade co previsto no art. 43 e do RD 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO

Delegar no concelleiro D. David Regades Fernández, delegado de Fomento, as atribucións outorgadas ao concelleiro delegado de Distritos, Parques e Xardíns e Limpeza, dende o día 8 ata o 13 de outubro de 2011, en virtude da resolución desta Alcaldía-Presidencia de data 13 de xuño de 2011.”

Da anterior resolución a Alcaldía-Presidencia da conta ao Pleno da Corporación.

2.- COÑECEMENTO DOS INFORMES CITADOS NO ART. 38.2.M.4º DO REGULAMENTO DO PLENO.

Non se presentaron.

3.- COMPARENCIAS DE MEMBROS DA CORPORACIÓN.

Non se formularon.

4.- MOCIÓNS.

4.1.- (267).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG RELATIVA AO ALBERGUE PROVISIONAL NA ANTIGA ESCOLA DE HOSTALERÍA. EXPTE. 319/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 26 de setembro, número 319/1101, o voceiro do Grupo municipal do BNG, Sr. Domínguez Olveira, formula a seguinte moción:

“O pasado venres soubemos pola prensa que fóra da orde do día da Xunta de Goberno se aprobaba o expediente do convenio coa fundación EMAUS e por conseguinte o cambio de uso da antiga escola de hostalería para a posta en marcha dun albergue.

Sempre dende o BNG apostamos por esta infraestrutura que consideramos indispensábel para garantir que as persoas sen teito poidan ter un lugar axeitado onde durmir e ser atendidos/as como o merece calquera persoa.

Dúas van xa, as alternativas que o BNG presentou: a construción dun albergue xa rematado na Gota de Leite (que non quixo abrir o PP) e outro proxecto no barrio de Ribadavia (impedido polo actual alcalde).

Pois ben, o BNG non vai poñer nunca ningún obstáculo á apertura do albergue, pero xa dixemos repetidas veces que non nos parecía o lugar axeitado como albergue permanente e que tería que ser provisional cun prazo de 2 anos, para logo que esa instalación repercutira no Casco Vello, creando alí un centro social para os maiores do Casco Vello e habilitando unha zona para uso da Asociación Veciñal.

Por todo o anterior, o BNG propón o seguinte acordo:

1º.- O albergue provisional na antiga Escola de Hostalería deixará de funcionar como tal no prazo de dous anos dende a súa apertura

2.- Nesa situación e logo deses dous anos, habilitarase un centro social para as persoas maiores e locais de uso dos colectivos do Casco Vello (Asociación Veciñal, de Comerciantes...)”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita moción.

DEBATE.- SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Esta é unha moción que o Bloque Nacionalista Galego xa presentara no anterior Pleno vía urxencia e que, por mor da interpretación ou do propio Regulamento, non se puido debater pero a queremos manter.

Temos que dicir ademais que dende que precisamente ocorreu isto que acabo de relatar, a presentación desa moción vía urxencia por parte do Grupo municipal do BNG, non volvemos saber absolutamente nada do tema do albergue. Un tema que toda a cidadanía cualifica como un auténtico despropósito, hai que o dicir así. Un tema que parece mentira que a estas alturas aínda non estea solucionado. Un auténtico despropósito como foi que esta cidade tiña un

albergue construído e refírome á “Gota de Leche”, un albergue no que se investiron practicamente 300.000 euros, preparado xa para abrir co anterior goberno da Xunta e que o Partido Popular en primeiro lugar se negou a abrir, un albergue que tampouco o alcalde desta cidade estaba disposto a abrir porque seica quería dedicar o local para a Policía Local.

Despois o Bloque Nacionalista Galego, única forza política que presentou neste Concello dúas alternativas claras para o albergue municipal, presentou o proxecto do Barrio de Ribadavia que o alcalde tampouco quixo levar adiante. Falóusenos logo das grandes xestións que se ían realizar no antigo cárcere da avenida de Madrid que a nós tamén nos parecía un bo sitio. O BNG nunca vai poñer atrancos a ningunha localización que sexa clara e que evidentemente sirva para albergue municipal, ata que se chegou ao emprazamento da antiga Escola de Hostalaría cun convenio, cunha fundación.

Por certo, tamén hai que dicir que ao día de hoxe aínda non está xustificado, como ben pedían os asesores xurídicos deste Concello, por que se lle dá directamente a unha fundación e por que non se leva a un concurso público a xestión dese albergue. Ao día de hoxe, tal e como figuraba no expediente, esa xustificación aínda non está dada polos servizos do Concello.

No tempo que transcorre entre a presentación da nosa moción e este Pleno, hai unha nova situación nesta cidade, hai un ofrecemento claro das Misioneiras do Silencio de ceder ao Concello o actual albergue coñecido como o do Padre Carlos. Diante diso nós xa dixemos publicamente e volvemos dicir aquí que en primeiro lugar cremos que é o momento de que o goberno municipal se poña as pilas e axilice ao máximo as negociacións con esta Orde das Misioneiras do Silencio para que esta cidade poida ter un albergue municipal, sen necesidade de chegar nin tan sequera a abrir a Escola de Hostalería, sen necesidade de facer ese investimento millonario pola xestión dun albergue cando temos nesta cidade o ofrecemento para que Vigo poida ter definitivamente un albergue. Ofrecemento que, polo que sabemos polos xornais porque evidentemente nin o alcalde nin ninguén do goberno municipal nos informou sobre estas condicións aos grupos, polo menos ao noso, nunhas condicións que non son de difícil admisión.

Nós seguimos dicindo que a Escola de Hostalaría non nos parece o sitio máis axeitado; que en todo caso se hai que abrir alí o albergue que se faga só polo

prazo de dous anos como propoñemos na moción e que unha vez rematado este prazo se devolva esa instalación aos veciños e veciñas do Casco Vello para que alí se habilite un centro social ou un centro social-cultural para as propias asociacións e colectivos do barrio.

Como houbo esa novidade, queremos incluír na nosa moción que tiña dous puntos, un novo punto. Engadiríamos un primeiro punto que diría: “Que o goberno municipal axilice as negociacións coas Misioneras do Silencio para propiciar que a primeiros de ano se poida poñer en marcha o albergue definitivo no lugar que ocupa actualmente o das Misioneras do Silencio. Así mesmo, instamos tamén a que o goberno municipal poña en marcha urxentemente todas as accións encamiñadas para poñer en funcionamento o dispositivo de frío”.

Dicía eu antes que a política e os representantes políticos temos que seren sensatos, sobre todo nun tempo como no que nos atopamos, un tempo de crise económica no que as nosas familias de vigueses e viguesas están a pasalo mal e onde as persoas sen teito tamén están a pasalo mal. Pero se nestes momentos hai a posibilidade certa de que o Concello teña un albergue municipal, ademais nun sitio onde xa está funcionando con todas as características necesarias e dun xeito gratuito, aínda que logo teñamos que asumir nós a xestión, a sensatez dinos que se axilicen ao máximo esas negociacións para que Vigo poida contar dunha vez por todas co que nunca quixeron que contara, tanto o Partido Popular coma o alcalde desta cidade: cun albergue definitivo dunha vez por todas.

Se é necesario abrir a Escola de Hostalaría que se abra pero polo tempo mínimo e indispensable porque temos diante de nós un ofrecemento que o sentido común nos di que nos tería que levar a pensármonos novamente ese convenio millonario coa Fundación Emaús, sobre todo, cando a día de hoxe non está debidamente xustificado por que se vai a un convenio sen ter pasado por esa concorrència pública que é o que realmente esixe a lei.

SRA. ABELAIRAS RODRÍGUEZ: Sorpréndeme, Sr. Domínguez Olveira, cando di que non quixeron saber nada do albergue nin o PP nin o PSOE porque vostede sabe que coas cousas de comer non se debe xogar. Neste caso pódese facer moita demagogia con algo tan dramático coma é a necesidade dos demais.

No espírito do Partido Socialista e dende o momento que asumimos esa

competencia está o conseguiren que este inverno os necesitados de Vigo teñan non un albergue, senón un centro de inclusión social. Nestes casos a prudencia aconsella seren discretos. Pódolle garantir, Sr. Domínguez Olveira, que os necesitados de Vigo van ter ese centro de inclusión social, de feito na Escola de Hostalería estanse asumindo obras de arranxo de escaleiras e un ascensor que servirá tanto para o albergue, como para o que se determine no seu momento.

Estamos tamén dispostos a admitir a súa moción e imos votala a favor porque aos vigueses e viguesas daráselles conta e en breve terán un centro de inclusión social onde poidan seren atendidos como se merecen, cunhas condicións dignas como dende o mesmo momento en que nos fixemos cargo do goberno municipal, encargouse o Grupo do Partido Socialista de poñer en marcha.

Temos as pilas postas, estamos traballando nese sentido, pero a prudencia aconséllanos seren discretos. Hai moita xente traballando, hai un encargo especial feito polo alcalde para o facer e en breve terán coñecemento deste tema.

A Misión do Silencio ten que ser recoñecida como debe, pero non é esta competencia exclusiva de seu.

Por iso admitimos a súa moción, votarémola a favor e seguramente que no próximo Pleno terán todos novas dese centro de inclusión social.

SRA. CENDÓN ALONSO: Rematando a década dos oitenta unha médica acabada de licenciarse realizaba a historia clínica dun paciente nun histórico hospital de beneficencia. O xefe do servizo consultaba na sala apegada pero tiñan por costume intercambiar impresións. A médica o único que atopaba de patolóxico no seu paciente era a falla de aseo e así llo comentou ao xefe. Ingrésao, díxolle el. Pero se non hai motivo. Ten unha grave enfermidade a dispepsia dixestiva da miseria, acostúmate a identificala e nestes casos ordena ingreso para convalecencia de tres días e pide a cocina algo quente. A médica insistía: Temos que falar co Concello porque necesitamos un centro para esta xente, non son enfermos e o custe dunha cama hospitalaria é elevado. Querida mía, nin este, nin ningún alcalde farán o esforzo por eles. Non te decatás de que é a Policía quen os trae? Se montan o recurso axeitado virán doutros lugares e iso non lles interesa. A médica interna era a que lles fala, o hospital na nosa cidade e o xefe de

servizo, o único xefe ao que lle recoñecín autoridade, era Antonio Sierra Calvo, magnífico estudante en Salamanca, Premio extraordinario, formou parte do primeiro equipo médico do Hospital Xeral de Vigo, bo docente e moito mellor persoa. Esta cidade nomeouno Vigués Distinguido. Pasaron máis de vinte anos e o tempo fíxoo profeta.

Non vou facer o repaso das xestións do centro de inclusión porque o fixo perfectamente o Sr. Domínguez.

O noso grupo manifestouse sempre na contra da localización do albergue na antiga Escola de Hostalaría, fundamentalmente por se tratar dunha estrutura vertical que dificulta a funcionalidade e eleva os custes de xestión. Acusamos ao alcalde de nepotismo por evitaren a concorrancia pública co convenio asinado con Emaús e ademais en campaña electoral. Denunciamos o *ninguneo* e desprezo ao ofrecemento das Misioneiras do Silencio e lamentamos que os atrasos obriguen a abrir novamente un dispositivo de frío que os propios transeúntes rexeitaron o pasado ano.

Sr. Domínguez, o Grupo Popular tampouco pretende poñer atrancos á posta en marcha do centro de acollida, pero rexeitamos realizaren un investimento de máis dun millón de euros nun proxecto provisional, nin de catro, nin de dous anos tendo en conta a oportunidade que se presentou. As posibilidades do edificio de Marqués de Valterra son inmejorables, conta con espazos nos que se poderían instalar os servizos de comedor social e calquera outro que complementa a atención ás persoas sen fogar.

Por iso nós presentamos unha emenda que coincide totalmente coa de seu, da que non tiñamos coñecemento da súa inclusión. Na nosa emenda propoñíamos deixar sen efecto o convenio con Emaús para a creación dun centro de acollida no inmovible de Cánovas do Castillo, axilizar as xestións coa Fundación Valeriola para a creación deste centro no edificio de Marqués de Valterra e subscribir un novo convenio para que non se prescindira da concorrancia pública na xestión.

Parécenos aceptable o novo punto que inclúen, señores do BNG, coincide plenamente coa nosa proposta, só que nós pedimos que non se abra de xeito provisional en Cánovas del Castillo.

Ademais temos que dicir que as obras, Sra. Abelairas, non van ser axeitadas para calquera outro uso, seguramente serán axeitadas ás normas municipais pero non

para as de acreditación dos organismos competentes.

Sra. Abelairas, en Pontevedra hai un hospital socio-sanitario concertado que cumpre con todas as normas da Consellería de Sanidade, pero non cumpre coas normas de accesibilidade da Consellería de Traballo e non pode concertar con Traballo. Iso é o que vai ocorrer de non consultaren cos organismos que teñen que acreditar o funcionamento do centro de Cánovas del Castillo. Fagan a consulta, é gratuíta.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sra. Abelairas, demagogia? Por respecto e por cariño non lle vou pedir que conteste a unha pregunta que vou facer pero, quen foi o primeiro que nesta cidade dixo que a Gota de Leche non, que había que poñer alí á Policía Local? Hai hemerotecas e os medios non menten: “Non estamos de acordo con que se abra a Gota de Leche para albergue, ese ten que ser o espazo para a Policía Local de Vigo”. A ver quen é demagogo e quen mente.

Demagogia de que? Entendo ben por que a concelleira do Partido Popular non quere repasar os feitos e di que os repasei eu perfectamente, claro que os repasei perfectamente. Non os pode repasar porque foi Corina Porro quen se negou nesta cidade a abrir un albergue, coa complicidade en principio do alcalde desta cidade que non quería ese edificio da Gota de Leche para albergue. Estes son os datos, Sra. Abelairas, é a realidade pura e dura e dígolle a calquera do público que nos escoita e calquera vigués ou viguessa que vaiamos ás hemerotecas.

A Sra. Porro negouse a abrir ese albergue e o alcalde desta cidade dicía que para a Policía. Logo o alcalde rectificou. Despois, cando xa a Xunta dixo que ía facer aí outras cousas, o alcalde de Vigo rectificou e dixo que se abriera temporalmente. A historia coñecémola todos nesta cidade, Sra. Abelairas. A ver onde está a demagogia; pois tanto no Partido Popular como no Partido Socialista que non foron capaces de poñer en marcha un albergue coa maioría que tiñan gobernando a Sra. Porro, gobernando o Sr. Pérez e tampouco o Partido Socialista gobernando e sendo alcalde o Sr. Caballero. Esta é a realidade que coñece toda a cidadanía.

Sra. Abelairas, segunda pregunta, a ver quen fai demagogia. Quen tirou abaixo un proxecto construtivo claro no Barrio de Ribadavia que custaba moito menos ca

o convenio que van asinar con Emaús? Pola maioría que vostedes tiñan, quen retirou o proxecto da Xunta de Goberno Local? Por que esta cidade non ten hoxe no Barrio de Ribadavia un albergue? Foi por política electoral, por medo a perder uns cantos votos alí.

Mentres, que fai o Partido Popular? Mirar cara outro lado, pero iso si, non abrir a Gota de Leche e subvencionar con máis de 200.000 euros a unha entidade privada para que faga ese traballo.

Eu agradezo que axilicen esas xestións, non dubido da súa palabra e si agardo que no próximo Pleno traian vostedes esa solución.

Difiro da señora do Partido Popular no tocante ás obras porque se hai que reformar un ascensor e unhas escaleiras, fagan iso que seguro que vai vir moi ben para o novo centro social do Casco Vello.

A PRESIDENCIA: Sr. Domínguez Olveira, non se pronunciou sobre a proposta do Grupo Popular. Non se acepta e polo tanto non se somete a votación.

Sometemos a votación a emenda do Bloque Nacionalista coas alteracións numéricas que se dixeron aquí ao longo do debate.

Modificación proposta polo proponente, Sr. Domínguez Olveira, por escrito de data 31 de outubro:

Engadir un primeiro punto á noción que diga o que segue:

1º.- Que o Goberno Municipal axilice as negociacións coas Misioneiras do Silencio para propiciar que a primeiros da ano se poda poñer en marcha o albergue definitivo no lugar que ocupa actualmente o das misioneiras do silencio. Así mesmo que o Goberno Municipal poña en marcha urxentemente o dispositivo de frío.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias).

A Presidencia somete a votación a moción coa modificación presentada polo proponente, Sr. Domínguez Olveira.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da

Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Primeiro.- Que o Goberno Municipal axilice as negociacións coas Misioneiras do Silencio para propiciar que a primeiros da ano se poda poñer en marcha o albergue definitivo no lugar que ocupa actualmente o das misioneiras do silencio. Así mesmo que o Goberno Municipal poña en marcha urxentemente o dispositivo de frío.

Segundo.- O albergue provisional na antiga Escola de Hostalería deixará de funcionar como tal no prazo de dous anos dende a súa apertura.

Terceiro.- Nesa situación e logo deses dous anos, habilitarase un centro social para as persoas maiores e locais de uso dos colectivos do Casco Vello (Asociación Veciñal, de Comerciantes...)”

4.2.- (268).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO SE ACOMETA A OBRA DO COLECTOR ALIVIADOIRO DA RÚA COLÓN. EXPTE. 275/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 24 de agosto, número 275/1101, o voceiro do Grupo municipal Popular, Sr. Figueroa Vila, formula a seguinte moción:

“Non é a primeira vez nos últimos anos que a parte baixa da cidade a carón da rúa Areal resulta totalmente anegada e todos sabemos cal é o motivo, que non é outro que a falta do colector aliviadoiro da rúa Colón hasta o porto.

Durante o goberno do PP, intentouse arranxar este problema e ordenouse a súa execución mediante un proceso de emerxencia. Sen embargo o entón presidente da Autoridade Portuaria boicoteou sistematicamente esta actuación, demorando inxustificadamente o preceptivo outorgamento da súa concesión ata as vésperas das eleccións municipais de 2007.

Durante o anterior mandato o grupo municipal do PP incidiu en reiteradas ocasións no asunto, sinalando o risco de que se repetiran semellantes situacións ante a falta deste colector. A pesar de que o goberno contou con catro anos e unha chuvia de millóns procedentes do Plan E, non considerou suficientemente importante esta actuación e preferiu adicar os cartos a gasto improdutivo.

As consecuencias da irresponsabilidade do goberno provocaron esta angustiada situación, perfectamente evitable por outra banda.

Por tanto, solicitamos ao Pleno do Concello que se tome o seguinte acordo:

Instar ó goberno municipal a que a cometa sen máis dilacións a obra do colector aliviadoiro da Rúa Colón.”

A comisión informativa de Fomento, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita moción.

DEBATE.- SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Se ben é certo que nesta cidade hai problemas graves cunha orixe común, que é a nefasta xestión do Partido Socialista, non deixan de ser importantes outros que son solucionables con vontade política pero persisten e se incrementan co desleixo deste goberno municipal, a falla de xestión responsable e a presenza dun goberno co único obxectivo de facer política de visibilidade.

Para este goberno municipal en minoría o que non se ve non conta. Desafortunadamente son moitas cousas e moi importantes as que non se ven. Aí entra a coherencia, a responsabilidade e o sentido común dos dirixentes políticos para cos seus administrados dos que falou tamén Santiago Domínguez Olveira. Aí está o caso do colector de Colón, prolongable a toda a rede de saneamento da cidade, e a limpeza de sumidoiros.

Lembremos que o alcalde dixo abertamente na inauguración do aparcadoiro de Policarpo Sanz que a maldición de Colón rematará. Está recollido nos xornais. Pero lamentablemente a maldición de Colón non facía máis que comezar. O pasado mes de agosto, logo de que Vigo recibira unha importante cantidade de auga, rebentou a rúa Colón provocando grandes inundacións con importantes danos en vivendas e baixos comerciais.

Unha vez máis demostrouse a necesidade inminente de acometer as obras do aliviadoiro do colector de Colón, ampliar o diámetro da canle da canalización pola que teñen que baixar as augas.

Nós advertirámolo, o noso voceiro dera unha rolda de prensa amosando mesmo os planos do proxecto. O alcalde, como sempre, botoulle a culpa aos demais, botou asfalto na rúa e mirou cara outro lado. Pero os que tiveron que poñer a

funcionar as bombas de achique e os que tiveron que cambiar parte dos seus locais e baixos non o esquecen facilmente.

Hai poucos días repetiuse a mesma situación. Desta volta o alcalde non lle botou a culpa aos demais, afirmou convencido que as humanizacións aguantaron ben e explicounos que a auga cae do Castro porque é un monte e iso é inevitable. Gracias pola lección maxistral pero os vigueses estamos fartos de que nos trate coma parvos.

Diríalle ao alcalde que precisamente como a orografía é a que é, cos seus montes e desniveis, non se pode humanizar como se se fixera en Pontevedra ou en Salamanca. O aliviadoiro de Colón é unha necesidade polo menos para comezar, para que esa auga que, como vostedes saben cae dende o monte coma un río, vaia por debaixo e non por riba das rúas e das beirarrúas. Si é verdade que as trombas de auga das que falamos foron potentes e intensas, pero en Vigo choveu toda a vida moito e a medida que a poboación medrou o saneamento converteuse nunha necesidade cada vez maior.

Solucionar ese problema logo de ter humanizado infinidade de rúas non é unha opción, é unha obriga. A min resúltame case de delito polo menos de conciencia que cos millóns que tiveron do Plan E non levaran a cabo a obra do colector de Colón e nin sequera orientasen un só euro a infraestruturas necesarias de saneamento. Fixeron moitas humanizacións de primeira, pero hai un Vigo de segunda que sae a flote cando chove. Si, anegaron parte da cidade e van camiño de anegala enteira de seguir coas humanizacións tal e como as fixeron. Agora van humanizar máis rúas por valor superior aos quince millóns de euros e os problemas de canalizacións de augas, o problema de saneamento sen arranxar.

Nós dende a oposición por responsabilidade, por respecto á maioría dos vigueses (lembren que somos a maioría) lles temos que esixir que fagan a obra do aliviadoiro de Colón, un proxecto que comezou o Partido Popular cando gobernaba pola necesidade que supoñía xa daquela. Claro que os tubos baixo terra non se ven e vostedes non poden pasear por eles en campaña electoral.

Isto xa empeza a cheirar e a cheirar moi mal. O malgasto foi demasiado evidente. Vigo ten moitas cousas por resolveren pero vostede, alcalde, meteu proxectos importantes nun caixón.

Alcalde, vostede ten moi clara a teoría dos vasos comunicantes e moi claro que

auga cae do Monte do Castro cara ao mar, pero fixo caso omiso das recomendacións dos enxeñeiros porque tiña présa, o seu obxectivo foi rematar as humanizacións antes do 22 de maio e así vender os seus únicos logros, malia que agora tamén se apunte o tanto das ideas e proxectos que tiveron e fixeron outros. Por favor, deixe de dármonos leccións maxistras e tómese isto en serio de verdade porque acometer esas obras é totalmente necesario nesta cidade.

Repito que dende o Partido Popular a través desta moción, en representación da maioría dos vigueses, votaremos para que se constrúa xa, sen dilacións o aliviadoiro ao colector da rúa Colón.

SR. ALONSO PÉREZ: Imos votar a favor da moción pero a verdade é que o Partido Popular non ten absolutamente ningunha credibilidade no discurso.

Cando gobernaba o BNG co alcalde Lois Pérez Castrillo, construíuse un aliviadoiro en Isaac Peral, outro en Bouzas a través de bombeo e deixouse preparado o Areal para rematar a obra do aliviadoiro que desembocara no mar. A partir de aí pasou un goberno do Partido Popular e escoiten vostedes o que contestaba o Sr. Figueroa a unhas preguntas formuladas polo daquela concelleiro do BNG, Sr. Viéitez Alonso, por mor dunhas inundacións no ano 2005: “Despois do sucedido o martes investigáronse todas as obras e sabemos que na rúa Colón hai un aliviadoiro que está tapiado dende o ano 2000 e que vai un colector por Colón, Areal-Paellera-Ronda con saída ao mar. Pois ben, o tramo entre Ronda e a saída ao mar está sen rematar. O goberno no ano 2005 deu orde de rematalo neses 600-700 metros porque dende o ano 2000 quedara sen facer. Hai que pensar que a tromba de auga caída o martes foi un tema excepcional”. Iso é exactamente o mesmo que agora fai o PSOE, o PP dicía o mesmo, que era un tema excepcional.

Os recordos históricos falan de 40 litros por hora e o martes caeron 24 litros en dez minutos. Vostedes falan do que lles interesa. Todo estaba inundado. O Partido Popular dicía no 2005: “Ademais hai que pensar que a obra está aínda sen recibir e se hai deficiencias ordenarase a corrección”. Son o mesmo, só lles interesa das obras o que se ve, a diferenza do BNG que cando ten responsabilidade de goberno, como se mirou no Casco Vello, si inviste no que non se ve e sepáranse as augas fecais das pluviais. Cando D. Amador Fernández foi responsable co goberno do Sr. Pérez Castrillo si que se tomaron medidas para solucionar os

problemas das trombas de auga.

Por favor, entre o Porto e o Concello, entre o Partido Popular e o Partido Socialista, póñanse de acordo e resolvan os problemas da cidade, non se boten a pelota continuamente porque son responsables os dous exactamente igual.

SR. REGADES FERNÁNDEZ: Nova por dentro, vella por fóra; verde por fóra, negra por dentro. Non se trata dunha adiviñanza de futuro, trátase das obras do contorno da Alameda, “Traballos que se levan a cabo na actualidade apostando pola decoración exterior e descartando furgar nos traballos fondos da cidade para renovar a vella rede de sumidoiros que a maioría está integrada por colectores de pedra duns sesenta anos”. Isto dicía un xornal local no ano 2005.

Señores do Partido Popular, é normal que digan que as rúas só se fan por fóra e non se fan por dentro porque é o que facían vostedes. Non me estraña que a moción a asine o Sr. Figueroa e a defenda vostede porque o Sr. Figueroa foi parte desta cidade e foi cómplice deses feitos.

Nós traballamos doutro xeito. A cidade de Vigo respondeu ben nos últimos temporais de grandes chuvias na cidade porque o goberno de Vigo non mira cara ao ceo e espera que as cousas se resolvan soas como fai o Partido Popular. O Partido Socialista nos últimos anos creou 24.000 metros lineais de redes residuais, 63.000 de redes pluviais, 45.000 de redes de abastecemento, 132 quilómetros de canalización nesta cidade. Esas cousas que vostedes non facían, nós si as facemos cando gobernamos unha cidade.

Pero non estamos parados e seguimos facendo obras e un Vigo fermoso por dentro e por fóra non só como vostedes, señores do Partido Popular. Antes de que remate este ano faremos 5.000 metros lineais máis de redes de abastecemento, 4.000 máis de redes residuais e 5.000 metros lineais de redes de pluviais. Redes de pluviais que vostede non introduciu no seu discurso, só nos falou de abastecemento. É normal porque vostedes non saben nin o que son as redes de pluviais, nin as agardaban cando lles tocou executar obras. Esa é a realidade do que vostedes entenden desta cidade.

Falou moitas veces de maioría pero non, a maioría da cidade é progresista, se fose de dereitas vostede non estarían nese banco no que van estar moitos anos. Non se preocupe que a cidade vailles poñer nese banco da oposición. Pero non só

na cidade de Vigo, señores do Partido Popular, senón que na provincia de Pontevedra votáronlles 240.000 persoas cando ás forzas de progreso votáronas 242.000 e iso no programa de “Barrio Sésamo” é máis, para o Partido Popular non sei o que significa.

O que pasa é que vostedes están nerviosos con esas eleccións do 20 de novembro que se aproximan, que non lles pase como nas eleccións de maio que xa tiñan comprado o champaña para celebralo e non o puideron tomar. Sr. Figueroa, non compre aínda o champaña non vaia ser que non o celebre porque o vexo moi eufórico, o nerviosismo é o que lle trae.

Choivas na cidade de 100 litros por m². Para absorber esta cantidade de auga necesitaríamos unha condución do tamaño dunha boca de metro. Esa boca de metro, señores do Partido Popular, que xa é a sexta vez que queren estudar pero que nunca se estuda, seguramente porque repiten curso. Nesta cidade ningún proxecto do Partido Popular nin da Xunta de Galicia ten éxito.

Os señores do Partido Popular dicíannos con anterioridade que se afunden os proxectos coa auga en Vigo, pero son os proxectos do Partido Popular os que se afunden porque ningún dos que estamos presentes, ningún dos veciños desta cidade coñecémolos.

O Concello ten planificada a limpeza de pozos, de sumidoiros e de redes pluviais e por iso nesta cidade as inundacións dos últimos días non causaron danos maiores. Xamais unha rede pode estar dimensionada para asumir unha tromba de auga que fai desbordar un río como o que aconteceu nestas datas co desbordamento do río Lagares.

O Partido Popular di que as obras, as humanizacións non teñen sentido, que son gratuítas, que por que facemos estas obras. Que lles digan aos 6.000 traballadores que participaron e traballaron nas humanizacións de Vigo nos últimos catro anos de goberno de Abel Caballero que isto non serviu para ren. Que lles digan aos máis de 100.000 vigueses que no mandato presidido por Caballero se lles humanizaron as súas rúas que isto non serviu para ren. Que lles digan aos empresarios de hostalería que hoxe crearon postos de traballo levando as súas terrazas ás novas beirarrúas, ás novas rúas humanizadas que isto non serviu para nada. Que lles diga o PP aos milleiros de vigueses aos que lles estamos arranxando as rúas nestes momentos que isto non serviu para ren.

SRA. EGERIQUE MOSQUERA: Permítanme que comece cun refrán moi coñecido: “Dime de que presumes e direite de que careces”. Progresismo do PSOE: 5.000.000 de parados en España, 30.000 parados en Vigo. En fin.

Sr. Alonso, sobre a obra á que aludiu da que falaba o Sr. Figueroa, non vou facer aquí historia, non vou volver ao pasado como fan moitas veces, pero tivo moitas complicacións para se facer cando o presidente da Autoridade Portuaria era quen preside hoxe este Pleno.

Sr. Regades, farían o que din, eses metros lineais..., evidentemente, pero o fixeron mal e iso é evidente cando chove e cae auga. Sobre o Vigo fermoso preguntélle á xente á que se lle inundan as beirarrúas cando antes non pasaba.

Eu estou percorrendo a cidade enteira e si garanto que hai un Vigo de segunda que se pode ver. Por certo, o do Lagares é que hai que limpalo.

Son vostedes tan previsibles que non me sorprende nada que lle boten a culpa aos demais, fan así con todo, bótanlle sempre a culpa aos demais en todas as concellerías e en todos os sectores, pero a única realidade é que Vigo se está a converter nunha cidade á deriva en todos os sentidos. Unha cidade illada onde o cidadán o único que atopa no Concello é “volva vostede mañá”, “iso é culpa de outros”, “vaia á Xunta”, “acuda ao Valedor do Cidadán, ao Valedor do Pobo...”; vostedes teñen sempre conflitos con todo tipo de administracións. Onde están as fotos das mangueiras, de fregonas? Non me falou deses números, de xente que estivo limpando as rúas cando choveu.

Como maxino que a maioría dos que agora estamos aquí lemos diariamente a prensa, o sábado un xornalista moi vigués con moita ironía remataba o seu artigo de opinión coa frase “Son de Vigo, a min todo me parece normal”, falaba do transporte público. Pero é que é así en todos os sectores. Maxino que estarán vostedes contentos porque iso é o que queren, conformismo. Pero esta cidade está mal dirixida e hai cousas que custa crer. Hai algúns resignados pero non somos a maioría.

Os trece concelleiros que representamos á maioría, o Partido Popular, non nos imos resignar e empregaremos este Pleno de xeito democrático para que solucionen os verdadeiros problemas desta cidade e non desvíen os debates cara outros temas e cara outras administracións. Vostedes están gobernando e parece

que son a oposición porque veñen aquí atacar; a oposición da oposición.

Eu son concelleira do Partido Popular municipal. Lémbrolles que están gobernando malia estaren en minoría. Digo isto porque vostedes veñen aquí facer oposición e atacar. Repito que son vostedes unha figura nova, a oposición da oposición, pero esqueceron que o debate non se pode converter niso. Os socialistas teñen agora moitas cousas pendentes.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias).

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinteseite que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada polo voceiro do Grupo Popular, Sr. Figueroa Vila, instando se acometa a obra do colector aliviadoiro da rúa Colón, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

Como todos sabemos o día 21 de Agosto de ano presente caeu en Vigo unha gran tromba de auga, que tivo a súa meirande incidencia no tramo da Rúa Colón na confluencia coa rúa Areal. Nesta zona producíronse grandes inundacións ocasionando graves prexuízos tanto os peóns como os vehículos que a esas horas da noite circulaban por esas rúas, chegándose a producir episodios de grande tensión.

4.3.- (269).- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR INSTANDO DO GOBERNO MUNICIPAL MANTER OS PROGRAMAS DE DEPORTE PARA MAIORES. EXPTE. 311/1101.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data de entrada no Rexistro do Pleno do 14 de setembro, número 311/1101, a concelleira do Grupo municipal Popular, Sra. Cendón Alonso, formula a seguinte moción:

“A pasada semana o goberno municipal anunciou a eliminación do programa de

deporte para maiores nas modalidades de ximnasia e natación. Este recorte vense sumar aos realizados recentemente e agora tócalle aos maiores quedarse sen piscina e ximnasio. Unhas actividades que gozan ao ano máis de 600 maiores e que se veñen realizando dende hai mais de dez anos.

Estas actividades teñen coma obxectivo estimularlos para así evitar un problema tan actual como é a dependencia.

O Alcalde, que é o primeiro en criticar os supostos recortes sociais de outras administracións, está copiando as políticas de Zapatero. Facendo recortes en cultura, educación, benestar social, mentres segue anunciando humanizacións de rúas.

O Grupo Municipal del PP espera que Abel Caballero reconsidere esta decisión xa que na situación de crise que vivimos non se pode aplicar sobre os sectores sociais menos favorecidos.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Municipal no Concello de Vigo somete a consideración do Pleno a aprobación do seguinte acordo:

Que o goberno local do Concello de Vigo manteña os programas de deporte para maiores.”

A comisión informativa de Política Social, Cultura e Deportes, en sesión do 24 de outubro, ditaminou favorablemente a devandita moción.

(Está ausente o concelleiro do Grupo Popular, Sr. Fidalgo Iglesias).

DEBATE.- SRA. CENDÓN ALONSO: Dende o seu inicio este mandato parece consolidarse coma o do recorte. Os grupos da oposición manifestamos o noso malestar porque estes non se produzan no ámbito social. Agora ben, en tempos de crise tamén é primordial seren eficientes ademais de eficaces.

Con ánimo de non utilizar o non polo non e sempre coa pretensión de facer propostas construtivas, realizamos unha revisión dos programas de actividade física para maiores que ven desenvolvendo a Concellería de Benestar Social e a nosa primeira conclusión foi que non merecen a supresión absoluta como este goberno pretendía, pero si precisan dunha reorganización coa finalidade de garantir a equidade.

Digo isto en primeiro lugar porque se trata dun programa que non discrimina para nada a renda, o único requisito que se establece é o de superar os 65 anos

e isto levou a que dende este Concello se subvencione a actividade a maiores con ingresos máis ca suficientes para os custear. Por poñer un exemplo, o Sr. Alcalde que cumpriu os 65 anos podería ser beneficiario deste programa o que considero que non é de xustiza social. O que aínda é peor, sempre son os mesmos quen participan no programa ano tras anos porque non se estableceu ningún requisito para primar a rotación de beneficiarios.

Non cabe dúbida de que é un programa deseñado en tempos de bonanza, pero a situación cambiou e, como vimos repetindo dende o Partido Popular, é o momento de facer máis con menos. A Lei de autonomía persoal, a coñecida como Lei de dependencia tamén aprobada en tempos de bonanza, quedou curta nos seus cálculos estimativos de dependencia e tamén viu frustradas as súas expectativas de financiamento. A atención da dependencia desbordounos e este feito imposibilitou que se puidera abordar ningunha política de prevención da autonomía persoal.

Neste programa de actividade física para maiores temos a oportunidade de ouro para a orientar neste sentido. Por isto propoño que se prime a inclusión daqueles usuarios subsidiarios de maior beneficio en base a criterios médicos. O Consello Superior de Deportes e o Ministerio de Sanidade elaboraron unha guía para receitar exercicios físicos. Sería unha magnífica colaboración entre administracións.

En resume, rexeitamos os programas de “café para todos e sempre os mesmos” e propoñemos manter e reorganizar o programa de actividade física para maiores cunhas bases que recollan baremos, que primen en primeiro lugar a insuficiencia de recursos económicos, a inclusión daqueles usuarios aos que lles reporten maior beneficio na prevención da discapacidade e da autonomía persoal, o establecemento dun programa individualizado e axustado á necesidade, os chamados PAU, programas adaptados ao usuario. O demais, o que non cumpra coas bases que establezamos, debería pasar da Concellería de Benestar á de Deportes con bonificacións nas ordenanzas fiscais segundo ingresos como propuxo a concelleira de Facenda.

SR. FERNÁNDEZ PÉREZ: Sra. Cendón, empregou vostede aproximadamente cinco minutos do seu tempo e varios centos de palabras non para defender a moción

que vostede trae, senón para establecer unha base de novos criterios sobre os que seguramente haberá que traballar no futuro. Pero na súa moción se recolle sinxelamente que o goberno siga mantendo os programas de deportes para maiores.

Vostede presentou a súa moción o 14 de setembro e os programas de maiores comezaron o 15 e o 16 de setembro. Isto quere dicir que este goberno ven mantendo eses programas porque forman parte da súa cultura, do seu compromiso social con aquelas xentes que o precisan, é dicir, a política social segue a ser un dos piares básicos e elementais sobre os que se sustenta a acción deste goberno. Non se suspenderon os programas para maiores, o que é a base da súa moción, senón que se están executando tal e como xa se estaba a facer. Polo tanto damos cumprida forma aos compromisos que tiñamos neste terreo.

Coido que é bo non mesturar todo senón falar en cada tema do que cómpre. Estamos falando do programa de atención a maiores e, Sra. Cendón, imos seguir coa nosa política, desenvolvendo esas iniciativas e certamente se terán que ir adaptando os criterios ás novas necesidades porque o mundo no que vivimos é dinámico, a situación é totalmente diferente á que tiñamos anteriormente e así cara ao futuro nos teremos que ir adaptando ás novas realidades.

Anunciamos o noso voto favorable á súa moción que no fondo non é máis que confirmar pola súa parte a nosa política, a nosa acción de goberno. Gracias e terán o noso voto favorable.

SRA. CENDÓN ALONSO: Congratúlome de que vostede defenda como concelleiro de Deportes esta moción porque realmente era o que eu dicía, que o que non teña relación coa saúde deberá pasar á súa concellería.

A nosa pretensión é optimizar o programa de actividade física para maiores dende unha perspectiva cualitativa e cuantitativa. Como dixemos cualitativa primando os criterios de promoción da saúde en conexión cos médicos de Atención Primaria e mediante a utilización da guía publicada polo Ministerio. A guía pretende ser unha ferramenta útil para que os médicos poidan recomendar a práctica do exercicio axustada ao perfil do usuario. Por exemplo, non sería conveniente que un usuario con artrose dera saltos nin que fixera exercicio violento, sen embargo é moi útil o programa de piscina. Iso é o que eu pretendo.

Neste momento se lle pide ao usuario que achegue un certificado médico que exprese ausencia de contraindicación para a actividade física. Pola contra nós propoñemos que indique a actividade física máis axeitada e mesmo a intensidade.

Tamén digo que cuantitativa porque nós propoñemos a potenciación de programas máis económicos que poden ser financiados polos usuarios e que permiten a inclusión dun maior número deles porque estamos chegando a moi poucos, con programas como o de sendeirismo que potencia a socialización en troques da piscina. Tamén se poden optimizar acurtando a temporada das actividades en recintos pechados porque saben que os programas que se están financiando dende este Concello quedan sen usuarios ao chegaren o mes de maio, xa que os maiores prefiren estaren ao ar libre e teñen que coidar dos seus netos. Isto di a memoria da súa actividade. Nós propoñemos acurtar e dar maior entrada aos usuarios. Non hai ningunha necesidade de alongalo ata o mes de xullo.

Si comezaron no mes de setembro, pero o que nós queremos é modificar e mellorar eses programas.

VOTACIÓN E ACORDO: Por unanimidade dos vinteseis membros presentes da Corporación, dos vinte e sete que a constitúen de dereito e de feito,

ACÓRDASE:

Aprobar a moción formulada pola concelleira do Grupo Popular, Sra. Cendón Alonso, instando ao goberno municipal a manter os programas de deportes para maiores, co texto que se transcribe nos antecedentes deste acordo.

4.A. MOCIÓNS URXENTES

Non se formularon.

5.- (270).- FORMULACIÓN DE ROGOS.

6.- (271).- FORMULACIÓN DE PREGUNTAS.

* PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. LARRIBA LEIRA,

RELATIVA Á CONTINUIDADE DO INSTITUTO DE ESTUDOS VIGUESES.

SRA. LARRIBA LEIRA: O pasado mes de xullo a Fundación Provigo decidiu desvincularse do Instituto de Estudos Vigueses sen notificar desta decisión, nin antes nin despois, aos responsables do Instituto. A Xunta Directiva do Instituto de Estudos Vigueses dirixiuse ao alcalde e á responsable de Cultura expresando a súa preocupación pola continuidade da institución e pedindo información sobre o seu futuro organizativo e financeiro, pero non recibiu ata o día de hoxe ningunha resposta.

Este Grupo municipal, facéndose eco non só da inquietude da cidadanía senón tamén dos investigadores e estudosos que en distintas áreas promoven e divulgan o coñecemento do patrimonio cultural de Vigo, trasladamos ao alcalde esta mesma pregunta.

A PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

- * PREGUNTA DO CONCELLEIRO DO GRUPO POPULAR, SR. BERNÁRDEZ DE DIOS, RELATIVA Á RETIRADA DOS CARTEIS COA LENDA “ALCALDÍA”

SR. BERNÁRDEZ DE DIOS: Na sesión do pasado día 8 de setembro, aprobouse unha moción pola que se instaba ao goberno a retirada dos carteis coa lenda “Alcaldía”. Estamos a comprobar e a verificar que eses carteis seguen proliferando e gustaríanos saber cando se van retirar.

A PRESIDENCIA: Contestaráselle por escrito.

- * PREGUNTA DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. CENDÓN ALONSO, RELATIVA AOS ALLEAMENTOS NECESARIOS PARA A CONSTRUCCIÓN DO NOVO HOSPITAL DE VIGO.

PREGUNTA DA SRA. CENDÓN ALONSO: No ano 2006 o Concello de Vigo, a

Consellería de Obras Públicas e a Consellería de Sanidade asinaron un convenio para impulsar a posta en marcha do novo hospital de Vigo.

No Pleno pasado eu díxenlles que non tiña coñecemento de que se realizara ningunha xestión para abordar os compromisos que se adquiriron nese convenio, ademais é un convenio que asinaron administracións.

A miña pregunta é a seguinte: Un dos puntos do convenio di que o Concello de Vigo afrontará alleamentos para realizar as infraestruturas necesarias para a posta en funcionamento dese hospital. Quero saber se á data de hoxe se iniciou a xestión deses alleamentos.

A PRESIDENCIA: Contestarase por escrito.

* ROGO DA CONCELLEIRA DO GRUPO POPULAR, SRA. LARRIBA LEIRA, DE QUE O CONCELLO GARANTA A CONTINUIDADE DO INSTITUTO DE ESTUDOS VIGUESES.

ROGO DA SRA. LARRIBA LEIRA: Sospeitábamos que a resposta á nosa pregunta non se ía dar agora polo que deberemos agardar un escrito que como ven sendo habitual...

A PRESIDENCIA: Como corresponde co Regulamento.

SRA. LARRIBA LEIRA: ...non chegará, por iso queríamos engadir á pregunta...

A PRESIDENCIA: Ata o de agora chegaron todos. Sra. Larriba, debo dicirlle que ata o de agora chegaron todos.

SRA. LARRIBA LEIRA: Non, non é certo.

A PRESIDENCIA: Sra. Larriba, contestáronse todas as preguntas.

SRA. LARRIBA LEIRA: Querería engadir este rogo á pregunta que fixen

anteriormente: Que o Concello de Vigo garanta a continuidade do Instituto de Estudos Vigueses como viña facendo ata agora para que poida seguir desenvolvendo o seu labor ao servizo da cultura de Vigo coma entidade dedicada a poñer en valor o patrimonio cultural da cidade e da súa bisbarra.

A PRESIDENCIA: Contestaráselle cando o presente como a moción que teñen formulada.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás once horas e corenta e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.